



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 24 de xaneiro de 2020**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e cinco minutos do día vinte e catro de xaneiro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(29).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 16 de xaneiro de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(30).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO DE CREACIÓN E PUBLICACIÓN DO PORTAL DE DATOS ABERTOS (OPEN DATA) DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 8924/113.**

Visto o informe xurídico do 20/01/2020, dáse conta do informe-proposta do 09/01/2020, asinado polo técnico responsable de Modernización e Innovación, o xefe do Servizo de Admón. Electrónica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

## **I.- ANTECEDENTES**

**O Concello de Vigo é un actor fundamental no ecosistema de innovación da cidade**, tanto na promoción da innovación, como en crear o clima axeitado na cidade e a súa contorna que sirva de tractor para atraer e favorecer a innovación na mesma. Ten unha aposta decidida pola innovación e modernización da cidade, tanto para **mellorar a calidade de vida da cidadanía**, como para ofrecer uns servizos e infraestruturas eficientes, sustentables e con visión de futuro.

Este compromiso pola innovación foi recoñecido, neste ano, coa distinción **“Cidade da Ciencia e a Innovación”** outorgada polo ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, poñendo en valor todas as iniciativas innovadoras da Cidade Vigo nos últimos anos.

O Concello de Vigo, adherido á **Rede Española de Cidades Intelixentes (RECI)** e á **Rede de Cidades da Ciencia e da Innovación (Red “Innpulso”)**, fixo unha aposta clara pola mellora e modernización dos servizos da cidade como así o demostraron os seus proxectos smart city que recibiron o premio Smart City 2015 ou a súa plataforma VCI+ (Plataforma Vigo Cidade Intelixente) que recibiu o premio Galicia 2015.

A Plataforma smart city municipal **VCI+ centraliza e estrutura a información da cidade** permitindo xerar novos servizos de valor como foi a nova app “Vigo”, presentada en decembro de 2018, que ofrece unha nova canle de comunicación innovadora coa cidadanía e que recibiu o “Premio Ciudadanos 2019” recoñecendo a app “Vigo” como unha das máis completas dunha cidade española.

O portal de Datos Abertos será outro dos novos fitos xerado a través desta plataforma VCI+, permitindo o acceso a esta información pública en formato reutilizable para **axudar ao desenvolvemento da innovación na cidade, ao avance no goberno aberto, na transparencia e na consolidación das iniciativas smart city.**

Os **portais de datos abertos** permiten ofrecer **información pública da cidade en formato reutilizable** (datos de tráfico, turismo, recursos da cidade, datos de poboación,...) á cidadanía, empresas, universidades e emprendedores para poder tratar e operar cos datos xerando novos activos de valor como aplicacións móbiles, webs ou estudos de investigación.

O Concello de Vigo é consciente de que a **información** que as Administracións Públicas xeran, recompilan e custodian constitúe un **activo importante e de alto valor engadido** para a creación de novos e máis **innovadores produtos e servizos** que contribuirán ao **desenvolvemento dunha sociedade máis avanzada** e que nos abre a porta a todo un abanico de posibilidades de crecemento económico e social, onde a apertura destes datos e a posta a disposición para a súa reutilización é imprescindible para dar resposta ás novas demandas da sociedade.

O **Portal de Datos Abertos (Open Data)** crearase baixo a plataforma smart city municipal VCI+ e grazas as melloras incorporadas no proxecto da evolución da plataforma á VCI+2.0 que conta coa cofinanciación mediante os fondos FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, convocadas por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outras se concede axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominado **“VIGO VERTICAL”**.



## Concello de Vigo

A Norma UNE 178301:2015 de “Datos Abertos (Open Data). Cidades Intelixentes” establece que **os datos abertos e a reutilización da información do sector público** constitúen dous aspectos **esenciais no camiño cara ás Cidades Intelixentes e o Goberno Aberto**.

Esta apertura da información constitúe á súa vez un alicerce fundamental nas iniciativas de **goberno aberto** baseado na **transparencia** das políticas públicas e o fomento dunha democracia moito máis activa e participativa que, no noso ordenamento xurídico, é un feito que se viu materializado na **Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que recomenda a publicación da información en formato reutilizable, o Concello de Vigo profundiza deste xeito na mellora continua das políticas municipais en materia de transparencia e bo goberno que acadaron un nivel moi superior ás obrigas legais**.

**A Unión Europea, así mesmo, aposta polo impulso dos datos abertos** e o fomento da súa reutilización nos Estados Membros, coa publicación da Directiva 2013/37/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de xuño de 2013, pola que se modifica a Directiva 2003/98/CE relativa á reutilización da información do sector público.

Estas directivas comunitarias foron traspostas ao noso ordenamento xurídico, a Directiva 2003/98/CE a través da Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público e, posteriormente, a Directiva 2013/37/UE pola Lei 18/2015, de 9 de xullo, pola que se modifica a Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.

Así, o ordenamento xurídico español contempla dúas leis para regular a novo paradigma de goberno aberto. Isto débese a que cada unha delas ten unha finalidade distinta e, en consecuencia, requiren que a información se presente de forma diferente, aínda que en ambos os casos proceda da mesma fonte de datos. En concreto, a Lei 19/2013, de 9 de decembro, ten como finalidade que a cidadanía poida fiscalizar o labor das entidades públicas do noso país, polo que a información debe presentarse da forma máis comprensible para a cidadanía; por outra banda, **a Lei 37/2007, de 16 de novembro, ten como finalidade que a sociedade civil poida achegar valor aos servizos públicos** e que, ademais, poida ofrecerse mediante fórmulas mercantís que colaboren ao crecemento do sector infomediario, polo que, neste contexto, a información debe presentarse de forma que se facilite a súa reutilización automática por parte dos sistemas que ofrecen devandito valor engadido.

## **II.- NORMATIVA REGULADORA**

- **1.1 Normas xurídicas**
  - Constitución Española, de 27 de decembro de 1978.
  - Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, modificada pola Lei 18/2015, do 9 de xullo.
  - Lei 14/2010, de 5 de xullo, sobre as Infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España.
  - Lei 2/2018, de 23 de maio, pola que se modifica a lei 14/2010.
  - Lei 19/2013, de 9 de decembro, sobre Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e Garantía dos dereitos dixitais.
  - Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016; relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de datos, en adiante RXPDP)
  - Real Decreto 1495/2011, de 24 de outubro, de desenvolvemento da Lei 37/2007.
  - Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da administración electrónica. (en adiante, ENI)
  - Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica.
  - Directiva europea (UE) 2019/1024, do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de xuño de 2019, relativa aos Datos abertos e á Reutilización da información do sector público.
  - Directiva 2003/98/CE, polo que respecta ás partes da mesma que non se consideren derogadas pola Directiva 2019/1024.
  - Directiva 2013/37/UE, de 26 de xuño de 2013, pola que se modifica a Directiva 2003/98/CE.
  - Directiva 2007/2, DE 14 de marzo de 2007, pola que se establece unha Infraestrutura de información espacial na Unión Europea.
  - Directiva comunitaria (UE) 2016/2102, do 26 de outubro de 2016, sobre a Accesibilidade de sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles dos organismos do sector público.
  - Real decreto 1112/2018, de 7 de setembro, sobre Accesibilidade dos sitios web e aplicacións para dispositivos móbiles do sector público.
  - Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Xeral dos dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
  - Decisión de execución (UE) 2018/1523, da Comisión Europea, de 11 de outubro de 2018.
- **1.2. Normas técnicas**
    - Norma AENOR UNE 178301:2015 Cidades intelixentes. Datos Abertos. (Open Data)
    - Norma AENOR UNE 301549:2019, relativa aos requisitos de accesibilidade para produtos e servizos TIC.
    - Resolución de 19 de febreiro de 2013, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Norma Técnica de Interoperabilidade de Reutilización de recursos da información producidos polo sector público.
    - Resolución de 28 de xuño de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Norma Técnica de Interoperabilidade de Relación de modelos de datos.
    - Resolución de 3 de outubro de 2012 (BOE 31 de outubro) da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Norma Técnica de Interoperabilidade de Catálogo de estándares.
- **1.3. Guías de aplicación**



## Concello de Vigo

- Guía de aplicación da Norma Técnica de Interoperabilidade de Reutilización de recursos da información
- Guía de aplicación da Norma Técnica de Interoperabilidade de Relación de modelos de datos
- Guía de aplicación da Norma Técnica de Interoperabilidade de Catálogo de Estándares.
- Guía de aplicación do Real Decreto 1495/2011.

### **III.- “PLAN MUNICIPAL DE IMPULSO DA REUTILIZACIÓN DA INFORMACIÓN”: CREACIÓN, XESTIÓN E COMPROMISOS DO PORTAL DE DATOS ABERTOS (OPEN DATA)**

O Concello de Vigo é consciente que os Datos Abertos constitúen un activo importante e de alto valor engadido para dar resposta ás novas demandas da sociedade e á creación de novos e máis innovadores produtos e servizos que contribuirán ao **desenvolvemento dunha sociedade máis avanzada** e que nos abre a porta a todo un abanico de posibilidades de crecemento económico e social.

Os datos en posesión das AAPP permiten:

1. **Impulsar a innovación e xerar valor e riqueza:** Obtendo produtos derivados dos datos por parte dos emprendedores, universidades, empresas, compañías do sector reutilizador e a cidadanía en xeral. O Concello de Vigo pretende impulsar o emprendemento e a innovación coa creación desde portal de datos abertos da cidade.
2. **Mellorar a interoperabilidade entre administracións:** Facilitando a creación de servizos para a cidadanía que utilicen datos de diferentes administracións públicas. O Concello de Vigo xa está utilizando actualmente información de portais Open Data de outras administracións como datos meteorolóxicos, mapas e datos xeográficos, datos estatísticos, información de prezos de gasoleiras, información da DGT, ...
3. **Ordenación interna da información da administración:** Promovendo a eficiencia na documentación e clasificación de datos. A publicación de datos abertos ten o requirimento previo que estes estean estruturados, depurados e revisados. O datos centralizaranse previamente na plataforma smart city mellorando a xestión interna da administración.

A publicación de datos abertos provistos polo Concello de Vigo ampararase na normativa vixente respecto deste tema e principalmente na Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre Reutilización da Información do Sector Público e a Lei 18/2015, de 9 de xullo, pola que se modifica a Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.

Para conseguir estes obxectivos o Concello de Vigo realizará as seguintes actuacións englobadas no seguinte **“Plan Municipal de Impulso da Reutilización da Información”** cos seguintes obxectivos e actuacións:

#### **1. CENTRALIZACIÓN E ESTRUTURACIÓN DOS DATOS ABERTOS DA CIDADE**

- Potenciar a colaboración e coordinación entre os diferentes servizos do Concello de Vigo para impulsar a apertura de datos e a súa reutilización
- Crear e manter o “Catálogo de Datos Abertos” do Concello de Vigo seguindo a catalogación temática, así como as recomendacións, da Norma Técnica de Interoperabilidade de Reutilización de recursos da información de resolución de 19 de febreiro de 2013, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

- Centralizar a información, sempre que sexa posible tanto tecnicamente como por recursos, a través da plataforma cidade VCI+ 2.0
- Os datos que sexan xeorreferenciados deberán publicarse e estruturarse incorporando a xeometría do territorio, sempre que sexa posible tanto tecnicamente como por recursos.
- Incorporar ao “Catálogo de Datos Abertos” os datos que xa sexan públicos en formato reutilizable e impulsar a inclusión dos novos datos públicos para a súa reutilización, sempre que sexa posible tanto tecnicamente como por recursos.
- Publicar o “Catálogo de Datos Abertos” no portal do Estado datos.gob.es.

## 2. CREACION E XESTION DO PORTAL DE DATOS ABERTOS DO CONCELLO DE VIGO

- Deberá crearse o Portal de Datos Abertos do Concello de Vigo na dirección web: **<https://datos.vigo.org>**
- Habilitarase tamén, xunto co “Portal de Datos Abertos” o “**Portal de Mapas Xeográficos**” onde poda consultarse a información aberta e xeorreferenciada do territorio en formato reutilizable. Este portal permitirá acceder de forma sinxela e visual á información xeográfica mediante mapas temáticos e interactivos.
- Publicación do Catálogo de Datos Abertos no Portal
- Creación e aprobación das normas ou condicións de uso dos datos abertos
- A Canle de Comunicación e Participación do Portal será publicada no propio portal e poderá empregarse tamén o sistema de queixas e suxestións do Concello de Vigo. Habilitarase un Inventario de Aplicacións que consuman Datos do Portal

## 3. ACCIÓNS DE IMPULSO E FOMENTO DA INNOVACIÓN A TRAVÉS DOS DATOS ABERTOS

- Impulso da formación no ámbito municipal sobre a función de Apertura de Datos
- Promoción da comunidade de reutilizadores, impulsar o desenvolvemento de iniciativas de organización de eventos de reutilización ou xornadas con especialistas de reutilización

O servizo responsable do portal de Datos Abertos así como o Portal de Mapas será o **servizo de Administración Electrónica** xunto coa colaboración dos servizos responsables dos datos publicados.

Ao obxecto de seleccionar os documentos e recursos de información aptos para a reutilización, consideraranse **prioritarios os de maior relevancia e potencial social e económico**. Considérase que un conxunto de datos é de relevancia cando este pode ser **explotado por un gran número de axentes reutilizadores ou o beneficio potencial da súa explotación é elevado, medido en termos de benestar social ou de impacto económico**. Deberanse realizar estas consideracións e determinar que información é máis valiosa para a súa reutilización.

En consonancia coas prescricións da Lei 37/2007, de reutilización, os conxuntos de datos postos a disposición da sociedade no Portal, atoparanse, sempre que sexa posible, en formatos abertos, lexibles por máquina, fáciles de localizar e reutilizables. Levarán asociada información estruturada que permita o seu procesamento automatizado. Os documentos e conxuntos de datos indicarán a data da súa última actualización.



## Concello de Vigo

Os documentos e recursos de información reutilizables serán preferentemente primarios, evitando as modificacións ou alteracións da información existente na fonte, ao obxecto de evitar erros que se poidan producir durante a manipulación da información.

O nivel granular será o máis fino posible, evitando agregacións adicionais, para posibilitar unha reutilización axeitada a calquera necesidade.

Os documentos que o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos poñan a disposición da cidadanía ou doutras Administracións públicas estarán dispoñibles, como mínimo, mediante estándares abertos. Ademais, deberán ser visualizables, accesibles e funcionalmente operables en condicións que permitan satisfacer o principio de neutralidade tecnolóxica, evitando a discriminación da cidadanía no exercicio do seu dereito de acceso á información pública.

Fomentárase a utilización de formatos que cumpran con altos grados de niveis de apertura previstos polo ordenamento xurídico e polas normas técnicas, e de modo que se permita o acceso aos datos abertos, sen constrinxir aos potenciais destinatarios da información pública á utilización duns recursos técnicos concretos.

### **IV. ESTRUCTURA DE CONTIDOS DO PORTAL DE DATOS ABERTOS**

Estructura de contidos do Portal de Datos Abertos será a seguinte:

1. **Portada:** Páxina de inicio con acceso ás diferentes seccións do portal, incluíndo ligazón co Portal de Transparencia Municipal.
2. **Catálogo:** Acceso ao Catálogo de Datos Abertos con buscador, filtro por categorías e acceso aos datos nos distintos formatos dispoñibles.
3. **Portal de Mapas:** Acceso ao Portal de Mapas por categorías, con mapas temáticos e descargas de datos en formatos espaciais.
4. **Indicadores:** Panel ou cadro de mando con visualizadores exemplo do portal de Datos Abertos (Open Data). Este apartado incluírase en próximas versións do portal.
5. **Uso de Datos:** Apartado sobre o uso e reutilización dos datos do Portal de Datos Abertos
  - **Condicións de uso:** Publicación das condicións de uso dos datos para a súa reutilización
  - **Desenvolvedores:** Explicación sobre os distintos métodos técnicos de reutilización e ferramentas e servizos de programación a disposición dos reutilizadores de datos.
  - **Aplicacións e visualizadores:** Aplicacións e visualizadores realizados con Datos Abertos. Incluírase un formulario para que os reutilizadores compartan as súas experiencias de reutilización dos datos abertos do portal.
  - **Vigo Open Data Lab:** Iniciativas de fomento da reutilización da información. Este apartado incluírase en próximas versións.
6. **Innovación:** Sección adicada ao fomento da innovación
  - **Vigo Cidade da Ciencia e da Innovación:** Texto sobre Vigo como tractor da innovación en Galicia
  - **O Concello de Vigo e a Innovación:** Texto sobre as iniciativas de innovación do Concello de Vigo

- **Plataforma smart city VCI+ 2.0:** Texto explicativo sobre a plataforma smart city municipal como sistema xerador de datos abertos
- **App “Vigo”:** Sección adicada á app Vigo como o maior exemplo innovador de reutilización de datos abertos para dar valor engadido e aportar novos servizos a cidadanía.

7. **Acerca de:** Texto introdutorio sobre os datos abertos e o portal de Datos Abertos do Concello de Vigo

**8. Información legal:**

- Aviso legal
- Política sobre cookies
- Protección de datos
- Accesibilidade.

**V.- CATÁLOGO DE DATOS ABERTOS PUBLICADOS**

O Concello de Vigo publicará o “Catálogo de Datos Abertos” no seu Portal de Datos Abertos con un conxunto de datos inicial de máis de 100 elementos catalogados (ver anexo II) seguindo a clasificación de temáticas especificadas na Norma Técnica de Interoperabilidade de Reutilización.

Os servizos municipais xestores dos datos publicados correspondentes serán responsables de velar pola correcta actualización dos datos así como pola súa calidade, de conformidade cos procedementos e metodoloxías que se establezan.

**VI.- PROPOSTA DE ACORDO**

Somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a creación e posta en funcionamento, cando tecnicamente sexa viable, do “*Portal de Datos Abertos do Concello de Vigo*”, nas condicións aquí expostas, así como o “*Plan Municipal de Impulso da Reutilización da Información*” (Apartado III do presente documento) para dar cumprimento á Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público e aprobar as *Condicións de uso do Portal de Datos Abertos do Concello de Vigo* recollidas no Anexo I; así como a información de relevancia xurídica contida no Anexo II, correspondéndolle á Concelleira Delegada da Área calquera modificación nos mesmos dando conta posteriormente á Xunta de Goberno Local.

**Segundo.-** Establecer como servizo responsable do portal de Datos Abertos, así como do Portal de Mapas, ao Servizo de Administración Electrónica e como responsable dos datos publicados aos servizos xestores dos mesmos.

**Terceiro.-** Dar traslado do presente acordo aos afectados e notificar individualmente a todos os xefes de área e de servizo municipais, así como solicitar a colaboración por parte dos servizos e empresas prestadoras de servizos municipais para xerar a información pública de interese en formato reutilizable.

**Cuarto.-** Ordear a publicación do presente acordo na Intranet municipal, na Sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para asegurar o xeral coñecemento do mesmo pola cidadanía e polo conxunto da organización municipal.





## Concello de Vigo

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ANEXOS:**

#### **ANEXO I. CONDICIÓNS DE USO DOS DATOS DO PORTAL**

##### **Introdución**

A Norma UNE 178301:2015 de “Datos Abertos (Open Data). Cidades Intelixentes” establece que os datos abertos e a reutilización da información do sector público constitúen dous aspectos esenciais no camiño cara ás Cidades Intelixentes e ao Goberno Aberto.

A información que as Administracións Públicas xeran, recompilan e custodian constitúe un activo importante e de alto valor engadido para a creación de novos e máis innovadores produtos e servizos que contribuirán ao desenvolvemento dunha sociedade máis avanzada e que nos abre a porta a todo un abanico de posibilidades de crecemento económico e social, onde a apertura destes datos e a posta a disposición para a súa reutilización é imprescindible para dar resposta ás novas demandas da sociedade.

Esta apertura da información constitúe á súa vez un alicerce fundamental nas iniciativas de goberno aberto baseado na transparencia das políticas públicas e no fomento dunha democracia moito máis activa e participativa que, no noso ordenamento xurídico, é un feito que se viu materializado na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

A Unión Europea, así mesmo, aposta polo impulso dos datos abertos e o fomento da súa reutilización nos Estados Membros, coa publicación da Directiva 2013/37/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de xuño de 2013, pola que se modifica a Directiva 2003/98/CE relativa á reutilización da información do sector público.

Estas directivas comunitarias foron traspostas ao noso ordenamento xurídico, a Directiva 2003/98/CE a través da Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público e, posteriormente, a Directiva 2013/37/UE pola Lei 18/2015, de 9 de xullo, pola que se modifica a Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.

Así, o ordenamento xurídico español contempla dúas leis para regular a novo paradigma de goberno aberto. Isto débese a que cada unha delas ten unha finalidade distinta e, en consecuencia, requiren que a información se presente de forma diferente, aínda que en ambos os casos proceda da mesma fonte de datos. En concreto, a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ten como finalidade que a cidadanía poida fiscalizar o labor das entidades públicas do noso país, polo que a información debe presentarse da forma máis comprensible para a cidadanía; por outra banda, a Lei 37/2007, de 16 de novembro, ten como finalidade que a sociedade civil poida achegar valor aos servizos públicos e que, ademais, poida ofrecerse mediante fórmulas mercantís que colaboren ao crecemento do sector infomediario, polo que, neste contexto, a información debe presentarse de forma que se facilite a súa reutilización automática por parte dos sistemas que ofrecen devandito valor engadido.

As Condicións de uso dos conxuntos de datos provistos polo Concello de Vigo ampáranse na normativa vixente respecto deste tema: Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, que traspón a Directiva 2003/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello e a Lei 18/2015, de 9 de xullo, pola que se modifica a Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.

### **Usuarios do servizo**

Considérase usuario do servizo de Datos Abertos (Open Data) do Concello de Vigo á persoa ou entidade que utilice, reproduza, modifique ou distribúa os conxuntos de datos que se ofrecen no servizo Open Data do Concello de Vigo tanto de forma directa como a través de aplicacións ou servizos.

Considérase axente reutilizador a calquera persoa, física o xurídica que reutilice, en calquera forma, información do sector público.

### **Licenza aplicable á reutilización dos datos**

A utilización dos datos e os servizos provistos neste portal presupón a aceptación destas condicións de uso. O feito de aceptalas non supón a concesión ao usuario dos dereitos de autor nin da propiedade intelectual sobre os conxuntos de datos utilizados.

En todos os conxuntos de datos que se ofrecen no servizo Open Data do Concello de Vigo indícase que Condicións de uso teñen.

De forma xeral e de acordo co artigo 8 da Lei 37/2007, a reutilización da información contida nos conxuntos de datos está sometida ás condicións seguintes:

- O contido da información non debe ser alterado.
- Non se desnaturalizará o sentido da información.
- Débese citar a fonte.
- Débese mencionar a data dispoñible da última actualización.
- Cando a información conteña datos de carácter persoal, a finalidade ou finalidades concretas para as que é posible a reutilización futura dos datos.
- Cando a información, aínda sendo facilitada de forma dissociada, contivese elementos suficientes que puidesen permitir a identificación dos interesados no proceso de reutilización, a prohibición de reverter o procedemento de disociación mediante a adición de novos datos obtidos doutras fontes.
- 

A maioría de conxuntos de datos publícanse baixo os termos da licenza Creative Commons - Attribution (CC-BY 4.0). Está licenza está amparada na opción prevista no artigo 4.2.b) da Lei de Reutilización, que literalmente di que *“a reutilización de documentos con suxeición a condicións sometidas a licencias-tipo.”*

Esta licenza permite que se poida:

- Copiar, distribuír e divulgar publicamente.
- Modificar, transformar e adaptar.
- Servir de base para obras derivadas como resultado da súa análise ou estudo.
- Ser utilizadas con fins comerciais ou non comerciais, sempre que este uso non constitúa unha actividade administrativa pública.



## Concello de Vigo

Á súa vez esta licenza obriga a:

- Mencionar a autoría do Concello de Vigo nos termos establecidos máis adiante.

Con todo, no caso de tipo de datos nos que hai participación de terceiros, a reutilización se ofrece a través da licenza Creative Commons . Atribución-NoComercial-SinDerivadas 4.0 Internacional (CC BY-NC-ND 4.0), que permite reproducir e Compartir o Material Licenciado, na súa totalidade ou en parte, soamente para fines non comerciais; así como producir e reproducir, pero non compartir material adaptado, para fines non comerciais.

A reutilización dos conxuntos de datos postos a disposición da cidadanía polo Concello de Vigo estará suxeita estrictamente aos términos e condicións vixentes en cada momento, que serán obxecto de difusión a través do apartado “aviso legal”. A reutilización de datos realizarase dando pleno cumprimento ás condicións xerais da licenza aplicable en cada caso, que se poderán consultar desde un link que estará en todo momento visible no Portal Open Data, dentro do apartado “Aviso legal”. Así mesmo, o Concello de Vigo poderá en todo momento engadir condicións de uso adicionais ás xenéricas aplicables á Licencia Creative Commons, así como modificar o contido das existentes con anterioridade. A modificación das condicións aplicables ás licencias terá pleno valor dende o momento da súa publicación no apartado Aviso Legal do Portal de Datos Abertos.

O Concello de Vigo resérvase o dereito de publicar conxuntos de datos baixo outras condicións específicas de reutilización, como a posibilidade de xerar o pago de contraprestacións económicas, de acordo co previsto no artigo 7 da Lei 37/2007, co fin de cubrir os custos asociados á recollida, produción, reprodución e difusión dos conxuntos de datos.

Nos casos nos que sexa obrigado recoñecer a autoría e mencionar o Concello de Vigo como a fonte dos conxuntos de datos, hai que facelo da maneira seguinte: “*Fonte dos datos: Concello de Vigo*”.

Se se inclúe esta citación en formato HTML, pódese utilizar a marcaxe seguinte:

*Fonte dos datos:* <a href = “<https://datos.vigo.org>” title = “Open Data Vigo”> Concello de Vigo </a>

Toda modificación ou transformación levada a cabo sobre os conxuntos de datos que publica o Concello de Vigo será identificada como tal no momento de distribuílos.

Ínstase ao usuario a pór en coñecemento do Concello de Vigo todos os proxectos relacionados ou derivados do uso dos conxuntos de datos, de maneira que sexan expostos de maneira pública coa finalidade de estimular as políticas de reutilización de información do sector público.

Así mesmo, o Concello de Vigo pode requirir ao usuario datos estatísticos relativos aos produtos ou servizos xerados a partir da información reutilizada, co fin de coñecer o uso real da reutilización da información e para mellorar o catálogo dos datos dispoñibles.

En canto aos contidos publicados no portal de Open Data do Concello de Vigo como noticias ou contidos adicionais, estes libéranse baixo unha licenza de cultura libre, Creative Commons - Attribution (CC-BY 4.0), quedando excluídos todos os contidos gráficos como imaxes, iconas e logos.

Non se autoriza en ningún caso o uso de logotipos, marcas, escudos e símbolos distintivos do Concello de Vigo en publicacións e webs que non sexan participadas ou patrocinadas por esta institución. Estes elementos de identidade gráfica corporativa son propiedade exclusiva do Concello de Vigo e están protexidos pola lexislación vixente aplicable

### **Garantía e responsabilidade sobre os conxuntos de datos**

O Concello de Vigo ofrece os conxuntos de datos dispoñibles tal como constan nos seus arquivos e, a pesar dos esforzos por xestionar de maneira adecuada os conxuntos de datos, non pode asegurar a integridade, a actualización, a precisión ou o acceso continuo a estes conxuntos de datos, e non ofrece ningunha garantía neste sentido.

O Concello de Vigo pode, en calquera momento, engadir, eliminar ou modificar os conxuntos de datos publicados ou estas Condicións de uso. A última versión publicarase na páxina web <https://datos.vigo.org>. Calquera cambio que leve a cabo será efectivo desde o momento da súa publicación, a menos que se notifique o contrario.

Tanto o Concello de Vigo como calquera dos seus organismos, entidades ou axentes, non se fan responsables dos danos ou perdas que, de maneira directa ou indirecta, tamén os que comportan prexuízos económicos, materiais ou sobre datos, provoquen ou poidan provocar o uso dos conxuntos de datos.

### **Responsabilidade do usuario ou axente da reutilización**

O usuario atópase sometido á Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, especialmente ao seu réxime sancionador, así como a toda a normativa que afecte o uso da información, como o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, Regulamento Xeral de Protección de Datos ou RXPD e o Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo cal se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual, así como ás disposicións de carácter xeral previstas nas Leis 39/2015 e 40/2015, ambas do 1 de outubro de 2015.

Se como resultado do incumprimento dos termos de uso expostos neste documento ou os termos da licenza baixo a cal se publican os conxuntos de datos, o Concello de Vigo ou algún dos seus organismos, entidades, empresas ou axentes, fora obxecto de accións legais ou fora sancionado economicamente, o usuario responderá ante o Concello de Vigo, ou ante os seus organismos, entidades, empresas ou axentes, de todos os gastos, mesmo procesuais, sancións ou indemnizacións que poidan declararse, e deixaraos totalmente indemnes.

Deste xeito, o usuario acepta indemnizar, así como eximir ao Concello de Vigo e todos os seus organismos, entidades, empresas ou axentes, de calquera responsabilidade en que poidan incurrir por mor das reclamacións que se poidan orixinar polo incumprimento destas Condicións de uso ou polo uso, reprodución, modificación ou distribución da información.

O Concello de Vigo, por outra banda, resérvase o dereito de tomar as medidas legais correspondentes para velar os seus intereses, sen que iso supoña renunciar á responsabilidade e indemnización por parte do usuario.

### **Outras restricións legais**

Non está permitida a reutilización de ningún conxunto de datos para finalidades ilícitas ou que atenten contra os principios de persoas, entidades ou da actuación administrativa pública.

O Concello de Vigo, por conta propia, pode denegar ou suspender o acceso aos conxuntos de datos sen previo aviso a calquera persoa que, segundo o seu criterio unilateral, considere que



## Concello de Vigo

está a incumprir estas Condicións de uso, a legalidade vixente ou utilice, reproduza, modifique ou distribúa os conxuntos de datos dunha maneira prexudicial ou inconveniente.

Esta denegación ou suspensión non terá efecto sobre aquelas persoas ou entidades que, de boa fe, reciben os conxuntos de datos a través da persoa ou entidade obxecto da cancelación ou suspensión e que, doutra forma, estean a cumprir estas Condicións de uso.

O usuario non pode indicar, insinuar ou suxerir ao usuario final, por ningún medio, a participación ou apoio por parte do Concello de Vigo, ou os seus organismos, entidades, empresas ou axentes, na actividade de quen utiliza a información ou o conxunto de datos.

### **Medidas de protección ante uso abusivo ou robotizado.**

O Concello de Vigo resérvase o dereito a realizar cambios técnicos no seu portal web e servizos, sen previo aviso, co obxecto de preservar a súa dispoñibilidade ante eventuais usos abusivos ou robotizados de acceso.

## **ANEXO II. CATÁLOGO INICIAL DE DATOS PUBLICADOS**

<b>CATEGORÍA</b>	<b>DATOS A PUBLICAR</b>
Ciencia e tecnoloxía	Estatísticas de acceso a consulta de expedientes por Internet
Ciencia e tecnoloxía	Estatísticas de acceso ao Portal de Transparencia
Ciencia e tecnoloxía	Estatísticas de accesos á Carpeta Cidadá de Vigo
Ciencia e tecnoloxía	Estatísticas de acuses de notificacións electrónicas a través da sede
Ciencia e tecnoloxía	Estatísticas de consultas de multas e recibos por Internet
Ciencia e tecnoloxía	Estatísticas de descargas de impresos e documentos por Internet
Ciencia e tecnoloxía	Estatísticas de documentos tributarios emitidos por Internet
Ciencia e tecnoloxía	Estatísticas de Domiciliacións realizadas por Internet
Ciencia e tecnoloxía	Estatísticas de emisión de Volantes de Empadramento por Internet
Ciencia e tecnoloxía	Estatísticas de Pagamentos por Internet
Ciencia e tecnoloxía	Estatísticas de reservas de instalacións deportivas realizadas por Internet
Ciencia e tecnoloxía	Estatísticas de solicitude de cita previa por Internet (Servizos Sociais)
Ciencia e tecnoloxía	Estatísticas de verificacións de documentos por CSV (Código Seguro de Verificación) realizadas na Sede Electrónica
Ciencia e tecnoloxía	Estatísticas dos Trámites totais realizados na Sede Electrónica
Ciencia e tecnoloxía	Estatísticas sobre Consultas de información na Sede Electrónica
Ciencia e tecnoloxía	Estatísticas sobre o portal web de Convocatorias e subvencións
Ciencia e tecnoloxía	Estatísticas sobre o portal web de Ofertas de emprego público
Ciencia e tecnoloxía	Estatísticas sobre o Rexistro electrónico
Ciencia e tecnoloxía	Estatísticas sobre o Rexistro Xeral presencial do Concello de Vigo
Comercio	Albergues de Vigo (Puntos de Interese Turístico)
Comercio	Aloxamentos (Puntos de Interese Turístico)
Comercio	Áreas comerciais (Puntos de Interese Turístico)
Comercio	Campings de Vigo (Puntos de Interese Turístico)
Comercio	Comercios de artesanía (Puntos de Interese Turístico)
Comercio	Feiras e Mercados (Puntos de Interese Turístico)
Comercio	Galerías de Arte (Puntos de Interese Turístico)
Comercio	Hoteis de Vigo (Puntos de Interese Turístico)
Comercio	Mercados municipais
Comercio	Pensións de Vigo (Puntos de Interese Turístico)
Comercio	Restaurantes: Asadores (Puntos de Interese Turístico)

Comercio	Restaurantes: Cociña de autor (Puntos de Interese Turístico)
Comercio	Restaurantes: Cociña española (Puntos de Interese Turístico)
Comercio	Restaurantes: Cociña galega (Puntos de Interese Turístico)
Comercio	Restaurantes: Cociña internacional (Puntos de Interese Turístico)
Comercio	Restaurantes: Marisquerías (Puntos de Interese Turístico)
Comercio	Restaurantes: Outros (Puntos de Interese Turístico)
Comercio	Restaurantes (Puntos de Interese Turístico)
Comercio	Restaurantes: Tapas (Puntos de Interese Turístico)
Cultura e lecer	Auditorios e Salóns de Actos de Vigo
Cultura e lecer	Axenda cultural do Concello de Vigo
Cultura e lecer	Bibliotecas de Vigo
Cultura e lecer	Centros Culturais de Vigo
Cultura e lecer	Centros e instalacións culturais de Vigo
Cultura e lecer	Cines de Vigo
Cultura e lecer	Edificios Singulares de Vigo (Puntos de Interese Turístico)
Cultura e lecer	Fundacións culturais de Vigo
Cultura e lecer	Galerías de Arte de Vigo
Cultura e lecer	Monumentos e Esculturas (Puntos de Interese Turístico)
Cultura e lecer	Museos de Vigo
Cultura e lecer	Museos (Puntos de Interese Turístico)
Cultura e lecer	Parques infantís municipais
Cultura e lecer	Teatros/Cines/Salas multiuso de Vigo
Cultura e lecer	Teatros de Vigo
Demografía	Padrón a 01/01/2019: Habitantes estranxeiros (comuntarios e non) por distrito
Demografía	Padrón a 01/01/2019: Poboación por idades, distritos e seccións
Demografía	Padrón a 01/01/2019: Poboación por idades, (Pirámide poboacional)
Demografía	Padrón a 01/01/2019: Poboación por idades, (Pirámide poboacional)
Demografía	Padrón a 01/01/2019: Resumen de poboación de distritos e seccións
Deportes	Campos de Fútbol. Instalacións deportivas
Deportes	Complexos deportivos. Instalacións deportivas
Deportes	Instalacións deportivas de Vigo
Deportes	Pavillóns deportivos. Instalacións deportivas
Deportes	Piscinas Municipais. Instalacións deportivas
Deportes	Pistas Atletismo. Instalacións deportivas
Deportes	Trámites do Servizo de Deportes
Deportes	Útimas convocatorias do Servizo de Deportes
Deportes	Ximnasios Municipais. Instalacións deportivas
Educación	Centro de Estudos Artísticos e Técnicos (CE.ART) de Vigo
Educación	Centros Autorizados de Deportes (CAD) de Vigo
Educación	Centros da Universidade de Vigo
Educación	Centros de Educación Especial (CEEPR) de Vigo
Educación	Centros de Educación Infantil y Primaria (CEIP) de Vigo
Educación	Centros de Educación Primaria (CEP) de Vigo
Educación	Centros de Estudos de Danza (CEDA) de Vigo
Educación	Centros e instalacións educativas de Vigo
Educación	Centros Integrados de Formación Profesional (CIFP) de Vigo
Educación	Centros Privado (CPR) de Vigo
Educación	Centros Privados estranxeiros (CPREX) de Vigo



## Concello de Vigo

Educación	Centros Públicos de Educación e Promoción de Adultos de Vigo
Educación	Conservatorios de Música (CEMU/CMUS) de Vigo
Educación	Escolas Artísticas Municipais de Vigo
Educación	Escolas de Danza Privada (EDANPR) de Vigo
Educación	Escolas de Música Superior (EMUS) Vigo
Educación	Escolas Educación Infantil (EEI) de Vigo
Educación	Escolas Infantís (EI) / Garderías Infantís de Vigo
Educación	Escolas Infantís Municipais (EIM) de Vigo
Educación	Escolas Oficiais de Idiomas (EOI) de Vigo
Educación	Escolas Superiores de Arte Dramática (ESAD) Vigo
Educación	Instituto Ensinanza Secundaria (IES) de Vigo
Enerxía	Puntos de recarga de coche eléctrico
Medio ambiente	Fontes e mananciais de Vigo
Medio ambiente	Illas Cíes (Puntos de Interese Turístico)
Medio ambiente	Parques e Xardíns de Vigo
Medio ambiente	Parques forestais de Vigo
Medio ambiente	Parques Forestais (Puntos de Interese Turístico)
Medio ambiente	Praias de Vigo
Medio ambiente	Praias de Vigo (Puntos de Interese Turístico)
Medio ambiente	Xardíns Urbanos (Puntos de Interese Turístico)
Mobilidade	Aparcabicis da cidade de Vigo
Mobilidade	Aparcamentos da cidade
Mobilidade	Avisos diarios de Tráfico de Vigo
Mobilidade	Cámaras de Tráfico
Mobilidade	Estaciones de Tren de Vigo - Transporte
Mobilidade	Estado do tráfico en tempo real
Mobilidade	Gasolineiras da cidade
Mobilidade	Navieras - Transporte de Ría
Mobilidade	Paradas de Taxi en Vigo
Mobilidade	Paradas de Vitrasa. Autobús público urbán
Mobilidade	Prazas de aparcadoiro para persoas con discapacidade
Sector público	Avisos xerais do Concello de Vigo
Sector público	Axenda Institucional. Previsións diarias
Sector público	Contratos menores do Concello de Vigo
Sector público	Estatísticas de acceso ao Portal de Transparencia
Sector público	Noticias diarias de Xornal.vigo.org
Seguridade	Centrais de ambulancias de Vigo
Seguridade	Centrais de bombeiros de Vigo
Seguridade	Centrais de policía autonómica de Vigo
Seguridade	Centrais de policía municipal de Vigo
Seguridade	Centrais de protección civil de Vigo
Sociedade e benestar	Albergues de Vigo
Sociedade e benestar	Asociacións de Vigo
Sociedade e benestar	Centros de Día de Vigo
Sociedade e benestar	Centros de Inmigración de Vigo
Sociedade e benestar	Centros de Violencia de Xénero de Vigo
Sociedade e benestar	Centros de Voluntariado de Vigo
Sociedade e benestar	Centros Municipais de Servizos Sociais (CMSS) de Vigo

Sociedade e benestar	Centros Ocupacionais de Vigo
Sociedade e benestar	Centros Residenciais de Vigo
Sociedade e benestar	Centros Servizos Sociais de Vigo
Sociedade e benestar	Centros Sociais de Vigo
Sociedade e benestar	Comedores sociais de Vigo
Sociedade e benestar	Ludotecas de Vigo
Sociedade e benestar	Puntos de Encontro Familiar de Vigo
Sociedade e benestar	Vivendas de uso social de Vigo
Turismo	Actualidade sobre Turismo de Vigo
Turismo	Albergues de Vigo (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Aloxamentos (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Áreas comerciais (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Campings de Vigo (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Comercios de artesanía (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Edifícios Singulares de Vigo (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Feiras e Mercados (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Galerías de Arte (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Hoteis de Vigo (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Illas Cíes (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Monumentos e Esculturas (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Museos (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Parques Forestais (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Pensións de Vigo (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Praias de Vigo (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Puntos de Información Turística de Vigo
Turismo	Puntos de Interese Turístico de Vigo
Turismo	Restaurantes: Asadores (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Restaurantes: Cociña de autor (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Restaurantes: Cociña española (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Restaurantes: Cociña galega (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Restaurantes: Cociña internacional (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Restaurantes: Marisquerías (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Restaurantes: Outros (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Restaurantes (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Restaurantes: Tapas (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Ría de Vigo (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Turismo Urbano (Puntos de Interese Turístico)
Turismo	Xardíns Urbanos (Puntos de Interese Turístico)
Urbanismo	Cartografía oficial de Vigo

## ANEXO III

### III. 1. Aviso legal

As condicións xerais que se van expoñer a continuación, así como as condicións particulares aplicables a cada unha das licenzas ás que se suxeitan os conxuntos de datos publicados no Portal de Datos Abertos do Concello de Vigo, vincularán a calquera axente reutilizador polo mero feito de facer uso dos documentos sometidos a elas. A aceptación do presente aviso legal non supón a concesión dos dereitos de autor nin a propiedade intelectual sobre os conxuntos de datos.





## Concello de Vigo

### Condições xerais:

- Que o contido da información, incluíndo os seus metadatos, non sexa alterado.
- Que non se desnaturalice o sentido da información.
- Que se cite a fonte.
- Que se mencione a data da última actualización.
- No caso de que a información conteña datos de carácter persoal, as finalidades concretas do uso de tales datos.
  - Cando a información, aínda sendo facilitada de forma dissociada, contivese elementos suficientes que puidesen permitir a identificación dos interesados no proceso de reutilización, a prohibición de reverter o procedemento de disociación mediante a adición de novos datos obtidos doutras fontes.

### LICENZAS:

- Información relativa á finalidade concreta para a que se concede a reutilización: suxeición ao carácter comercial ou non comercial, que permita a licenza en cada caso concreto.

O axente reutilizador queda suxeito ás condicións específicas aplicables á licenza Creative Commons - Attribution (CC-BY 4.0), aos que pode acceder no seguinte enlace: <https://creativecommons.org/licenses/by/4.0/legalcode.es>

No caso de conxuntos de datos nos que houbera participación de terceiros, serán de aplicación as condicións de uso da **licenza Creative Commons - Atribución-NoComercial-SinDerivadas 4.0 Internacional (CC BY-NC-ND 4.0)**, dispoñibles para a súa consulta en: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode.es>

Prohíbese a reutilización de ningún conxunto de datos para finalidades ilícitas ou que atenten contra os principios de persoas, entidades ou da actuación administrativa pública.

- Duración da licenza. As licenzas terán vixencia namentres non conste a súa revogación ou modificación no Portal de Datos Abertos do Concello de Vigo. A revogación ou modificación das licenzas producirá efecto dende o momento en que sexa obxecto de publicación ou difusión pública no Portal Open Data.

- Recoñecemento da autoría. O beneficiario dos datos postos a disposición polo Concello obrígase a: mencionar a autoría do Concello de Vigo, para o que se insta que o usuario poña en coñecemento do Concello todos os proxectos derivados ou que utilicen a información de datos abertos; estando suxeito ademais á posibilidade de que o Concello lle requira información a efectos estadísticos dos recursos empregados.

Nos casos nos que sexa obrigado recoñecer a autoría e mencionar o Concello de Vigo como a fonte dos conxuntos de datos, hai que facelo da maneira seguinte: "*Fonte dos datos: Concello de Vigo*".

Se se inclúe esta citación en formato HTML, pódese utilizar a marcaxe seguinte:

Fonte dos datos: `<a href = "https://datos.vigo.org" title = "Open Data Vigo"> Concello de Vigo </a>`

Non obstante, non se autoriza ao usuario, en ningún caso, á utilización de logotipos, marcas, escudos e símbolos distintivos do Concello de Vigo, propiedade exclusiva desta institución e protexidos conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto

refundido da Lei de propiedade intelectual. Ademais, o beneficiario dos datos queda suxeito ao réxime disciplinario previsto no artigo 11 da Lei 37/2007 e, en consecuencia, ás infraccións e sancións previstas no mesmo e nas disposicións regulamentarias que nun futuro poidan ditarse en desenvolvemento desta lei. Finalmente, deberá indicar calquera modificación que realice nos datos obtidos a través do Portal de Datos Abertos do Concello no momento en que se leve a cabo.

- Obrigas da Administración concedente. O Concello de Vigo poñerá a disposición do conxunto da sociedade unha serie de datos e indicadores para o seu libre uso, de conformidade coas condicións previstas nas licenzas, a través do portal de acceso: <https://datos.vigo.org>.

- Responsabilidades de uso. O Concello de Vigo comprométese a poñer os datos a disposición da sociedade a través do Portal de datos abertos para a súa reutilización, mais a pesar dos seus esforzos continuos por xestionar de forma adecuada os conxuntos de datos, non pode asegurar a integridade, a actualización, a precisión ou o acceso continuo aos mesmos, nin ofrece ningunha garantía ao respecto.

O Concello non responderá en ningún caso dos danos ou perxuízos que de forma directa ou indirecta poida provocar o uso dos datos.

Pola contra, o usuario dos datos abertos queda suxeito, pola aceptación das condicións xerais ás que se someten as licenzas, á responsabilidade civil, penal ou administrativa fronte ao Concello. Particularmente, os usuarios responderán de calquera sanción, gasto procesual, extraprocesual ou de calquera outro tipo que se impoña ao Concello de Vigo como consecuencia do mal uso deses datos. Así mesmo, o Concello ten potestade para exercer calquera acción xudicial, ante calquera orde xurisdiccional, derivadas da utilización dos datos abertos difundidos polo mesmo; todo isto desenvolvendo o previsto polo artigo 4.7 da Lei 37/2007.

Os usuarios dos datos publicados no Portal de Datos Abertos do Concello de Vigo, así como as persoas físicas o xurídicas que, de forma directa ou indirecta reutilicen calquera información que sexa propiedade do Concello de Vigo, quedan sometidos ao réxime sancionador previsto no artigo 11 da Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público, ou norma que a substitúa, desenvolva ou complementa, así como ás disposicións que as Leis 39 e 40 do ano 2015 conteñen sobre esta materia.

O Concello de Vigo ofrece os conxuntos de datos dispoñibles tal como constan nos seus arquivos e, a pesar dos esforzos por xestionar de maneira adecuada os conxuntos de datos, non pode asegurar a integridade, a actualización, a precisión ou o acceso continuo a estes conxuntos de datos, e non ofrece ningunha garantía neste sentido.

O Concello de Vigo pode, en calquera momento, engadir, eliminar ou modificar os conxuntos de datos publicados ou estas Condicións de uso. A última versión publicarase na páxina web <https://datos.vigo.org>. Calquera cambio que leve a cabo será efectivo desde o momento da súa publicación, a menos que se notifique o contrario.

Tanto o Concello de Vigo como calquera dos seus organismos, entidades ou axentes, non se fan responsables dos danos ou perdas que, de maneira directa ou indirecta, tamén os que comportan prexuízos económicos, materiais ou sobre datos, provoquen ou poida provocar o uso dos conxuntos de datos.

- Modalidades financeiras. A reutilización dos conxuntos de datos postos a disposición da cidadanía no Portal de datos abertos está suxeito ás modalidades tarifarias previstas no artigo 7 da Lei 37/2007 e 6 da Directiva 2019/1024. Cumprindo esta normativa, prevese que a reutiliza-



## Concello de Vigo

ción da información terá con carácter xeral carácter gratuito, sen prexuízo de que o Concello se reserve o dereito de publicar conxuntos de datos baixo outras condicións específicas de reutilización e, máis particularmente a posibilidade de esixir prestacións derivadas do uso que teñan por obxecto recuperar os custes en que se incorra para a reprodución, posta a disposición e difusión dos documentos, así como para a anonimización de datos persoais e as medidas axeitadas para protexer información comercial confidencial.

- Solicitudes de reutilización: Quen desexe formular algunha petición de difusión ou apertura de datos para a súa reutilización farao mediante a presentación dunha solicitude ao afecto a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos modos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 3 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, tramitándose as mesmas conforme ao disposto no artigo 10 da Lei 37/2007, de reutilización.

### III.2. Política sobre cookies

As cookies son arquivos que se poden descargar no seu equipo a través das páxinas web. Son ferramentas que teñen un papel esencial para a prestación de numerosos servizos da sociedade da información. Entre outros, permiten a unha páxina web almacenar e recuperar información sobre os hábitos de navegación dun usuario ou do seu equipo e, dependendo da información obtida, pódense utilizar para recoñecer ao usuario e mellorar o servizo ofrecido.

O portal <https://datos.vigo.org> incluíra unha declaración de política de cookies realizada de acordo coa lexislación vixente.

### III.3 Protección de datos

O Concello de Vigo está suxeito, ao difundir calquera clase de datasets a través do Portal de datos, ao cumprimento íntegro da normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal, constituída polo Regulamento (UE) 2016/679, (Regulamento Xeral de Protección de datos) do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, así como pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A estes efectos, procurárase que os datos publicados no Portal Open data sexan obxecto dun proceso de disociación non reversible e anonimización sempre que sexa posible, de forma previa á súa publicación; de modo que se impida a identificación de persoas a través dos datos publicados.

Quen se considere lesionado no seu dereito á protección de datos de carácter persoal pode contactar co Concello de Vigo a través do seguinte correo electrónico: [dpd@vigo.org](mailto:dpd@vigo.org)

### III. 4. Accesibilidade

Incluíra unha declaración de accesibilidade do portal [datos.vigo.org](https://datos.vigo.org), realizada de acordo coas prescricións do Real Decreto 1112/2018, de 7 de setembro, sobre accesibilidade dos sitios web e aplicacións para móbiles do sector público, polo que se transpón ao noso dereito interno a Directiva comunitaria (UE) 2016/2102, de 26 de outubro. Realízase conforme ao modelo de declaración de accesibilidade previsto na Decisión de execución (UE) 2018/1523, da Comisión Europea, de 11 de outubro de 2018, e valorando o cumprimento das diferentes puntos aludidos na Norma AENOR UNE 301549:2019, relativa aos requisitos de accesibilidade para produtos e servizos TIC.

Finalmente, farase referencia dentro deste mesmo apartado aos procedementos de comunicacións, queixas e solicitudes de información previstos no Real Decreto 1112/2018.

Esta declaración de accesibilidade será mutable, podendo ser revisada cantas veces sexa necesario para adaptala ás melloras que se introduzan progresivamente no Portal de Datos Abertos

ou ás modificacións legislativas que se sucedan nun futuro e leven implícita a necesidade de adaptala.

### **3(31).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS (RELACIÓN N.º 1/2020). EXP-TE. 12638/111.**

Dáse conta do informe-proposta de data 17/01/2020, asinado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

Relación n.º 1/2020

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Contencioso. Expediente nº 12132/111

Sentenza nº 304 do 16 de decembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 164/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolucións desestimatorias do TEA correspondentes as taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local e as liquidacións xiradas dos exercicios 2016, 2017 e 2018.

Expte(s): 4490/550, 4757/550, 4493/550 e 49566/516

Esta sentenza, firme, estima o recurso.

A Administración de Tributos/EUI e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer e executar o resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 12249/111

Sentenza nº 3 do 3 de xaneiro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 222/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: acordo da Xunta de Goberno Local do 02/04/2019, desestimatorio do recurso formulado contra a denegación da axuda municipal escolar libros, e material escolar e/ou comedor para o curso 2018-2019

Expte(s): 16277-301

Esta sentenza, firme, estima de plano a demanda, anula o acto recorrido e recoñece o dereito á axuda solicitada, sen custas.

O departamento de Benestar Social debe executar o resolto (e, se cadra, aclarar nas bases futuras a cuestión explicitando nelas o criterio: esixencia de empadronamento e admisibilidade de non convivencia efectiva)



## Concello de Vigo

3.- Contencioso. Expediente nº 12267/111  
Sentenza nº 4 do 3 de xaneiro de 2020  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Abreviado: 236/2019  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: imposición sanción por infracción de tráfico por estacionar vehículo obstaculizando carril circulación.  
Expte(s): 188612125

Esa sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.  
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal debe coñecer o resolto.

4.- Contencioso. Expediente nº 12294/111  
Auto nº 118 do 12 de decembro de 2019  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Ordinario: 246/2019  
Demandante/Recorrente: Empresa  
Obxecto: desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición formulado contra resolución ditada en expediente de responsabilidade patrimonial.  
Expte(s): 5805/243

Declara rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual en vía administrativa (resolución do 07/11/2019).  
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 12299/111  
Sentenza nº 312 do 16 de decembro de 2019  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 250/2019  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: resolución do 04/06/19 que impón sanción de 1500? por incumprimento do horario no local QUOMO  
Expte(s): 109014-210  
Contía: 1.500,00 €

A sentenza firme desestima o recurso contencioso administrativo interposto contra a resolución do 28 de maio de 2019 ( expte 109014/210) que impoñía ao recorrente unha sanición de 1.500 euros pola infracción grave de incumprimento horario no local QUOMO, confirmando dita resolución con imposición de costas ao recorrente co limite de 400euros.

Deben coñecer o resolto a Área de Mobilidade e Seguridade e o de Recadación Executiva.

6.- Contencioso. Expediente nº 12344/111  
Sentenza nº 308 do 16 de decembro de 2019  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 283/2019  
Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do Concello de Vigo de data 22/07/2019 que impón unha multa de 1500 Eu.

Expte(s): 109448-210

Contía: 1.500,00 €

A sentenza firme, estima o recurso interposto contra a resolución de 19 de xullo de 2019 no expte 109448/210 que impuxo unha multa de 1.500 euros como responsable dunha infracción por incumplimento horario no local QUOMO, ao abeiro do artigo 63.3 da Lei 39/2015, por existir un procedemento sancionador anterior o expte 109014/210 non rematado, polo que anula e revoca, con imposición de costas a parte demandada co límite de 400 euros.

Deben coñecer o resolto á Area de Mobilidade e Seguridade e a de Recadación Executiva.

7.- Contencioso. Expediente nº 12356/111

Sentenza nº 17 do 15 de xaneiro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 257/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do Concello de Vigo que impón sanción de 900 Eu por non identificar ao condutor.

Expte(s): 2018/23299

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Executiva deben coñecer o resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 12358/111

Sentenza nº 12 do 13 de xaneiro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 284/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo do 14/03/19 denegatorio do reintegro do importe pagado ao seu avogado no seo das dilixencias previas nº 3428/14 seguidas no Xulgado de Instrución nº 1 Vigo.

Expte(s): 32089/220

Esta sentenza, que é firme por contía, estima o recurso e recoñece o dereito do demandante ao pagamento da cantidade de 1.633,50euros, máis os xuros, diferencia entre a cantidade abonada e a pendente, da súa solicitude de reintegro de gastos de defensa xudicial nun procedemento penal, como funcionario público municipal.

A sentenza expón o criterio do TS, que provén do dereito legal e convencional no caso do Concello de Vigo ao reintegro deste tipo de gastos. Na resolución se indica que sería posible a limitación das cantidades a devolver aos titulares deste dereito, sempre que se garanta a súa audiencia e a posibilidade de xustificar o traballo dos profesionais que levaron a cabo a súa defensa.

A Área de Recursos Humanos debe coñecer do resolto e executar a sentenza dentro do prazo legal.

9.- Contencioso. Expediente nº 12399/111



## Concello de Vigo

Sentenza nº 16 do 15 de xaneiro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 306/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos como consecuencia dunha caída na vía pública.

Expte(s): 5757/243

Esta sentenza, que é firme resolve a condena da empresa contratista do Concello polos danos causados á demandante (persoa que circulaba en cadeira de rodas na Praza da Independencia e que por mor da ausencia dunha reixa cae da cadeira). Reclamaba a indemnización económica correspondente aos 23 días impeditivos sufridos.

Na resolución se indica que a zona onde faltaba ou figuraba quebrada a reixa causante da caída, non era propiamente aquela na que estaba a executar as obras de humanización, senón a empregada a modo de almacén. Consta que a concesionaria comunicou ao Concello a rotura da reixa.

De modo que o Xulgador aplica o criterio xeral da imputación da responsabilidade á contratista, ao non concorrer ningún dos dous supostos de excepción a esta regra. Ao ampliar a demanda fronte á contratista, e exercer o seu dereito de defensa, considera esta sentenza que se lle pode atribuír tal responsabilidade.

Non se condena ao Concello nin a satisfacer a cantidade reclamada nin ao pagamento das custas.

O Servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 12434/111

Sentenza nº 19 do 15 de xaneiro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 321/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución sancionadora con imposición de multa e retirada de puntos por infracción de tráfico.

Expte(s): 0188659082

Declara inadmisíbel o recurso por extemporaneidade.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 12487/111

Sentenza nº 6 do 7 de xaneiro de 2020

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 332/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do Tribunal Económico-Administrativo municipal (TEAM) de data 14/08/2019, ditada en expediente sobre autoliquidación impostos sobre o incremento dos terreos de natureza urbana.

Expte(s): 4919-550 / 42870-514

Esta sentenza desestima o recurso e determina a adecuación a dereito da autoliquidación do IIVTNU, dada a natureza de solo urbano non consolidado do inmovible transmitido.

A Administración de Tributos (IIVTNU) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

12.- Civil. Expediente nº 12612/111

Auto nº 13 do 13 de xaneiro de 2020

Xulgado de Primeira Instancia nº 10 de VIGO

Peza separada de medidas cautelares: 1247/2019

Demandante/Recorrente:

Obxecto: extinción do contrato de aluguer do local municipal sito na rúa Elduayen n.º 5

Por medio deste Auto, o Xulgado se declara incompetente por razón da materia para coñecer da solicitude de medidas cautelares solicitada pola demandante. A súa pretensión é que se suspendera a entrega das chaves e recepción do local municipal situado en Elduayen nº 5.

A resolución considera claramente que se trata dunha cuestión sometida á Xurisdicción Contencioso-administrativa e polo tanto debe declararse incompetente. Se pretende a suspensión dunha resolución administrativa acordada nun procedemento administrativo e con mecanismos de impugnación aínda dispoñibles para a demandante.

O Servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

## **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.





## Concello de Vigo

**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso deste administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

**V.** E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(32).-ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GASÓLEO TIPO "C" PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE (AQS) NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 23073/332.**

Visto o informe de fiscalización do 21/01/2020, dáse conta do informe-proposta da pola Mesa de Contratación realizada o 16/01/2020, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (23.073-332)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (23.073-332)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 5 de decembro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para o subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) dos Colexios Públicos de Educación Infantil e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo.*

*2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas (PPT) de data 11/10/2019, redactado pola Enxeñeira Técnica Industrial da Área de Servizos Xerais do Concello de Vigo e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 25/11/2019, redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" nas instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) dos Colexios Públicos de Educación Infantil e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo*

*3º.- Aprobar o gasto por importe de 50.820,00 euros (25.410,00 € IVE incluído na anualidade de 2020; 25.410,00 € IVE incluído na anualidade de 2021) para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) dos Colexios Públicos de Educación Infantil e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230 2210 300 "Combustibles e Carburantes". O valor estimado do contrato estipulase en 67.200,00 €*

*4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 30 de decembro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga*



## Concello de Vigo

quente (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (23.073-332) na seguinte orde decrecente:

	<b>Licitador</b>	<b>Redución do prezo</b>
1	GASÓLEOS AMIGO, S.L.	0,56%

*Segundo.-* Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B-36.736.049), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación, ao non estar inscrito nun rexistro contratistas.:

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lembre que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- (“deberá ser distribuidor autorizado para subministro de combustibles, segundo Organismos Oficiais competentes e estar inscrito no Rexistro de distribuidores de produtos petrolíferos correspondente”). Non será necesario que acredite a solvencia técnica ao tela presentado coa súa proposición, pero si a solvencia económica conforme ao esixido na cláusula 8.5.3º do PCAP (“por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito”).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L., o día 2 de xaneiro de 2020, que presenta a documentación requirida o 13 e 14 de xaneiro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 16 de xaneiro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GASÓLEOS AMIGO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GASÓLEOS AMIGO, S.L., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 30 de decembro de 2019 polo que se ordena por orde decrecente a oferta presentada en función da maior porcentaxe de desconto do prezo de referencia do gasóleo (PR), en cumprimento do previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B-36.736.049) o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de auga quente (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (23.073-332) por un prezo total de 50.820,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.820,00 euros e un desconto sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR) de 0,56%.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(33).-LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN DE FORMALIZACIÓN DA CONCESIÓN DE SERVIZO DOS APARCADOIROS SITUADOS NA RÚA JENARO DE LA FUENTE E AVDA. DE CASTELAO, FORMULADA EN NOME DE WELGOO TRANVÍAS UTE. EXPTE. 1789/449.**

Dáse conta do informe-proposta do 21/01/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral (P.A. da xefa do Servizo de Contratación), e pola concelleira-delegada de Contratación, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**



## Concello de Vigo

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas
- Decreto do 8 de febreiro de 1946 polo que se aproba a nova redacción oficial da Lei Hipotecaria (LH)
- Decreto do 14 de febreiro de 1947 polo que se aproba o Regulamento Hipotecario (RH)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (PPT)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (PCAP)

### ANTECEDENTES DE FEITO

**Primeiro.-** O 5 marzo de 2018 a Xunta de Goberno local aprobou o expediente de contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares e acordou a apertura do procedemento de contratación.

As cláusulas 24<sup>a</sup> e 60<sup>a</sup> do PCAP que rexeu esta licitación contemplan unha cláusula suspensiva da formalización da concesión en tanto non se resolva a concesión adxudicada a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. o 21 de maio de 2007.

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante, no Boletín Oficial da Unión Europea e no Boletín Oficial da Provincia o 8 de marzo de 2018, no Boletín Oficial do Estado o 15 de marzo e no Diario Oficial de Galicia o 28 de marzo, rematando o prazo de presentación de ofertas o 18 de abril.

Segundo o certificado expedido polo Rexistro xeral o 23 de outubro de 2018, durante ese prazo presentaron ofertas os seguintes licitadores:

1. UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. - TRANVIAS ELECTRICOS DE VIGO, S.A.
2. UTE HINOBEPA, S.L. - INVERSIONES TURIAPARK, S.L.
3. EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A.

**Segundo.-** A Xunta de Goberno local, na sesión ordinaria do 18 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Adxudicar a UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVIAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A. o procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449) coas seguintes condicións:*

- a) Propón un 6% de diminución lineal das tarifas máximas fixadas para cada anualidade na cláusula 8.2 do PCAP polo uso rotatorio das prazas de aparcadoiro.*
- b) Incrementa o canon concesional previsto na cláusula 7 do PCAP (120.000 euros) en 17.760 euros/ano, resultando un canon total anticipado de 3.444.000 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Terceiro.-** O 22 de marzo de 2019 D<sup>a</sup>. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en nome de WELGOOD TRANVÍAS UTE 18/1982 solicitou, mediante escrito rexistrado co número 190042213, autorización para a constitución de hipoteca sobre a concesión administrativa outorgada polo Concello de Vigo.

**Cuarto.-** O 9 de abril de 2019 D<sup>a</sup>. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en nome de WELGOOD TRANVÍAS UTE 18/1982 a través de escrito rexistrado co número 190051843, solicitou a cancelación das anotacións preventivas (declaración de concurso e apertura da fase de liquidación) referidas ao proceso concursal da extinta entidade concesionaria que constan nos Rexistros da Propiedade nº 1, 2 e 3.

**Quinto.-** Con data do 30 de agosto de 2019 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo en relación co expediente 6258-241 relativo á xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade:

*“1º.- Tomar coñecemento do ditame 80/2019 do Consello Consultivo citado no antecedente vixésimo quinto deste informe.*

*2º.- Resolver o contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade conforme ó disposto no fundamento xurídico III deste escrito.*

*3º.- Incoar procedemento para a liquidación da citada concesión.*

*4º.- Ter por cumprida a condición suspensiva regulada na cláusula 60 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (expediente 1.789-449) e proceder a formalización do contrato.*



## Concello de Vigo

*5º.- Dar traslado deste acordo aos Rexistros da Propiedade nº 1, 2 e 3 aos efectos oportunos.*

*6º.- Notificar o presente acordo ós interesados.*

*7º.- Dar traslado do presente acordo á Asesoría Xurídica municipal ós efectos de comunicarllo ó Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo.*

*8º.- Dar traslado do presente acordo ó servizo de Contratación ós efectos de formalizar a concesión citada no punto quinto”.*

Este acordo foi notificado á UTE WELGOOD CARSHARING, S.L.U. e TRANVÍAS ELÉCTRICOS DE VIGO, S.A. o 14 de setembro de 2019.

**Sexto.-** O 27 de setembro de 2019 tivo entrada no Rexistro Xeral (documento número 190149284) recurso de reposición interposto por D<sup>a</sup>. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en representación de WELGOOD TRANVÍAS, UTE 18/1982 contra o acordo da Xunta de Goberno local do 30 de agosto de 2019.

**Sétimo.-** O 16 de outubro de 2019 tivo entrada no Rexistro Xeral (documento número 190161618) escrito presentado por D<sup>a</sup>. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en representación de WELGOOD TRANVÍAS, UTE 18/1982, no que solicita a suspensión da formalización do contrato “*ata a cancelación rexistral dos títulos e anotacións preventivas*”.

**Oitavo.-** Con data do 17 e 18 de outubro de 2019 os Rexistros da Propiedade nº 1, 2 e 3 remiten cualificación negativa do 4 de outubro de 2019 en relación coa resolución da concesión do servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade (expediente nº 6.258-241).

**Noveno.** A Xunta de Goberno local, na sesión do 24 de outubro de 2019 adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- Non admitir parcialmente o recurso de reposición interposto o 27 de setembro de 2019 (documento número 190149284) por D<sup>a</sup>. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en representación de WELGOOD TRANVÍAS, UTE 18/1982, no procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449) no referente á impugnación da resolución do contrato adxudicado a PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A. o 21 de maio de 2007.*

*2º.- Admitir parcialmente o citado recurso no referente ao levantamento da condición suspensiva recollida nas cláusulas 24 e 60 do PCAP.*

*3º.- Desestimar o recurso polas razóns expostas no fundamento xurídico cuarto deste informe.*

*4º.- Desestimar a solicitude de suspensión do acordo impugnado polos motivos previstos no fundamento xurídico V deste informe”.*

**Décimo.-** Na sesión que tivo lugar o 24 de outubro de 2019, a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

*"1º.- Autorizar a constitución de hipoteca sobre a concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449) solicitada por D<sup>a</sup>. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en nome de WELGOOD TRANVÍAS, UTE 18/1982 mediante escrito rexistrado co número 190042213, condicionada á formalización do contrato e ao cumprimento dos seguintes requisitos:*

- O dereito real de concesión administrativa só poderá ser hipotecado como garantía de débedas que garden relación co obxecto do contrato.*
- A hipoteca deberá cancelarse cinco anos antes da data fixada para a reversión da concesión.*

*2º.- Desestimar a solicitude formulada por D<sup>a</sup>. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en nome de WELGOOD TRANVÍAS, UTE 18/1982 mediante escrito rexistrado co número 190042213, de cancelación das anotacións preventivas referidas ao proceso concursal da extinta entidade concesionaria que constan nos Rexistros da Propiedade nº 1, 2 e 3 polos motivos indicados neste informe.*

*3º.- Acceder ao solicitado por D<sup>a</sup>. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en nome de WELGOOD TRANVÍAS, UTE 18/1982 mediante escrito rexistrado co número 190161618, e **acordar a suspensión da formalización do contrato da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449), en tanto non se removan os obstáculos que impiden o acceso ao Rexistro da Propiedade da nova concesión**".*

**Undécimo.-** O 18 de novembro de 2019 a xefa do Servizo de Contratación, coa conformidade da concelleira delegada de Contratación, emite o seguinte informe:

*"Á vista da cualificación negativa asinada polos Rexistros da Propiedade nº 1, 2 e 3 o 4 de outubro de 2019, e notificada a este Concello os días 17 e 18 do mesmo mes, a efectos de completar o acordo remitido, á vista da información obrante no expediente, informase o seguinte:*

*1º.- O lote 2 do contrato de xestión de servizos públicos con execución de obra para a construción e posterior explotación, en dous lotes de tres, de seis aparcadoiros mixtos (rotatorio e residentes) en diferentes lugares da cidade de Vigo, foi adxudicado en data 21 de maio de 2007 pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A. Este mesmo órgano, o 6 de agosto do mesmo ano, acordou: "Entender que o acordo adoptado pola Xunta de Goberno local de 21 de maio de 2007 polo que adoptouse a adxudicación da concesión do servizo público de redacción de proxectos de construción e explotación dos aparcamentos subterráneos do denominado lote 2 a Puentes y Calzadas S.A. é extensivo a Cocheras Olivicas de Puentes S.A. (Unipersoal) por así constar na proposición gañadora do concurso".*

*Este contrato na actualidade esta resolto, con independencia de que a causa da resolución sexa por ministerio da lei ao iniciarse a fase de liquidación no procedemento concursal de*





## Concello de Vigo

*COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U., como indicou a sentenza nº 36/2019 do 6 de febreiro de 2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo; ou ben por incumprimento do contratista, como declarou o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de agosto de 2019. Esta resolución é firme en vía administrativa. Contra a mesma constan interpostos os seguintes recursos contenciosos-administrativos:*

- *RCA 275/2019 P.O. ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, interposto por PUENTES Y CALZADAS GRUPO DE EMPRESAS, S.A.*
- *RCA 281/2019 P.O. ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, interposto por COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A.U. en liquidación.*

*2º.- O lote 2 deste contrato comprende os aparcamentos das rúas Jenaro de la Fuente, Castela e Rosalía de Castro, así como un aparcadoiro de uso exclusivo de residentes anexo a este último. Estes dous últimos non foron construídos.*

*Os predios rexistrados afectos ao referido contrato son os seguintes:*

- *Predio nº 80.958 con código rexistral 36016000537236*
- *Predio nº 76.764 con código rexistral 36017000991622*
- *Predio nº 74.425 con código rexistral 36018000762854*

*3º.- O citado acordo da Xunta de Goberno Local, de 30 de agosto de 2019, declarando a resolución do contrato, de data 30 de agosto de 2019, foi notificado a todos os interesados:*

- *PUENTES Y CALZADAS EMPRESA CONSTRUCTORA, S. A., e COCHERAS OLIVICAS DE PUENTES foron notificadas o día 06-09-2019. Consta recibida a notificación o 09-09-2019. Ambas mercantís impugnaron o mesmo ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa.*
- *UTE WELGOOD SOLUTIONS SL-TRANVIAS ELECTRICOS DE VIGO S.A., foi notificada o día 12-09-2019. Consta recibida a notificación o mesmo día”.*

O certificado do anterior informe, asinado o 18 de novembro de 2019, foi remitido aos Rexistros da Propiedade nº 1, 2 e 3.

**Duodécimo** Con data do 19 de decembro 2019 o Rexistro da Propiedade nº 2 emite nota simple informativa relativa ao predio 76.764 (viario de Jenaro de la Fuente) na que se recollen as seguintes cargas: concurso voluntario de Cocheras Olívicas de Puentes, S.A.U. e apertura da fase de liquidación.

**Décimo terceiro.-** O 20 de decembro de 2019 o Rexistro da Propiedade nº 1 remite notas simples informativas sobre os predios 80.958, 80.959 e 80.132. Segundo as notas simples o predio nº 80.958 está suxeito á concesión administrativa para a construción, xestión e explotación dun aparcadoiro subterráneo na rúa Jenaro de la Fuente, tramo comprendido entre a travesía de Vigo e a rúa Aragón, en Vigo; o predio nº 80.959 está suxeito á concesión administrativa para a construción, xestión e explotación dun aparcadoiro subterráneo na rúa Rosalía de Castro, tramo comprendido entre as rúas Oporto e García Barbón, en Vigo; e o predio nº 80.132 está suxeito á concesión administrativa para a construción e xestión dun aparcadoiro exclusivo para residentes no subsolo do predio deste número.

**Décimo cuarto.-** Previo pedimento telefónico do Rexistro da Propiedade nº 1, a técnica de Administración xeral, coa conformidade da concelleira de Contratación emite informe complementario ao asinado o 18 de novembro de 2019, no que se inclúen os predios nº 80.958, 80.959 e 80.132. Este informe foi enviado por correo electrónico ao Rexistro da Propiedade nº 1.

**Décimo quinto.-** Con data do 27 de decembro de 2019 o Rexistro da Propiedade nº 1 entrega ao Concello de Vigo, a través de notificador municipal, notas simples informativas de data 20 de decembro de 2019 relativas aos predios nº 80.958, 80.959 e 80.132 nas que se indica que non teñen cargas rexistradas.

**Décimo sexto.-** Con data do 15 de xaneiro de 2020 o Rexistro da Propiedade nº 3 entrega ao Concello de Vigo, por medio de notificador municipal, nota simple informativa relativa ao predio nº 74.425 no que se atopa a concesión administrativa do aparcadoiro da avenida de Castelao e na que se recollen as seguintes cargas: concurso voluntario de Cocheras Olívicas de Puenstes, S.A.U. e apertura da fase de liquidación. Non hai afeccións fiscais.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

Segundo o artigo 31 do RH *“as concesións administrativas que afecten ou recaian sobre bens inmobles, inscribíranse a favor do concesionario coa extensión e condicións que resulten do título correspondente”*.

Os predios afectados pola concesión do expediente de referencia (76.764, 74.425, 80.958, 80.959 e 80.132) estaban afectados pola extinta entidade concesionaria do contrato de concesión do servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade (expediente nº 6.258-241), tal e como figuraba nos Rexistros da Propiedade nº 1, 2 e 3.

Na sesión do 30 de agosto de 2019 a Xunta de Goberno local acordou resolver o contrato para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade” (expediente 6.258-241) e dar traslado do acordo aos Rexistros da Propiedade nº 1, 2 e 3 para os efectos oportunos.

En tanto non se procedera á inscrición desta resolución e co fin de evitar ao novo concesionario (expediente 1.789-449), WELGOOD TRANVÍAS UTE 18/1982, un prexuízo de difícil ou imposible reparación, pola imposibilidade por el alegada de exercer o dereito recoñecido na lexislación aplicable e nos pregos que rexen esta contratación de hipotecar a concesión, a Xunta de Goberno local o 24 de outubro de 2019 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

*“Acceder ao solicitado por D<sup>a</sup>. Pilar Pérez-Lafuente Varela, en nome de WELGOOD TRANVÍAS, UTE 18/1982 mediante escrito rexistrado co número 190161618, e acordar a suspensión da formalización do contrato da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789- 449), en tanto non se removan os obstáculos que impiden o acceso ao Rexistro da Propiedade da nova concesión”.*



## Concello de Vigo

Téndose recibido notas simples dos Rexistros da Propiedade nº 1, 2 e 3 (relacionadas nos antecedentes duodécimo, décimo quinto e décimo sexto) nas que se constata que os predios afectos á concesión non teñen cargas que impidan o acceso ao Rexistro da nova concesión, procede levantar a suspensión acordada e proceder á formalización da nova concesión.

O **órgano competente** para a resolución deste expediente é a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda do TRLCSP).

En base ao anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. *"Levantar a suspensión da formalización do contrato da concesión de servizo dos aparcadoiros situados na rúa Jenaro de la Fuente e avenida de Castelao (1.789-449) ao terse removido os obstáculos que impedían o acceso ao Rexistro da Propiedade da nova concesión.*
2. *Notificar este acordo ao interesado".*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(34).-TOMA DE COÑECEMENTO E RATIFICACIÓN DAS SOLICITUDE FORMULADAS NA CAMPAÑA BANDEIRA AZUL 2020: CANDIDATURAS BANDEIRA AZUL E SENDEIROS AZUIS. EXPTE. 14532/306.**

Dáse conta do informe-proposta de data 17/01/2020, asinado polo xefe do servizo de Medio Ambiente e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **Antecedentes**

1.- ADEAC "Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor", entidade española sen ánimo de lucro, é cofundadora da FEE "Foundation for Environmental Education", organización internacional sen ánimo de lucro que agrupa a máis de 74 ONGs; constituíndo a súa rama nacional en España que é responsable do desenvolvemento dos seus programas.

Promove, así, a educación ambiental en España e desenvolve a nivel internacional programas como Bandeira Azul (Blue Flag).

A Bandeira Azul é un galardón anual e un sistema de certificación da calidade ambiental desenvolvido pola FEE desde 1987.

Este galardón promove e premia a participación en iniciativas ambientais voluntarias das autoridades municipais, poboación local, visitantes e os axentes do sector turístico.

Os criterios para obter o galardón de Bandeira Azul agrúpanse en catro áreas:

- Calidade das augas de baño
- Información e educación ambiental
- Xestión ambiental e seguridade, servizos e instalacións.

A Bandeira Azul é concedida por un xurado internacional, presidido pola FEE e con participación, entre outros, dos axentes de NN.UU para o medio ambiente e o turismo, entre as candidaturas seleccionadas polos xurados nacionais.

No xurado nacional para España, presidido por ADEAC, participan as CC.AA. litorais, a FEMP e os Ministerios, Fundacións e Universidades implicadas.

2.- O Concello de Vigo foi galardoado con dez bandeiras azuis no ano 2019, correspondentes os dez areais do termo municipal propostos para o galardón: areais da Punta, Tombo do Gato, Argazada, Samil, Fontaiña, Vao, Canido, Fortiñón, Rodas e Figueiras e tres sendas azuis denominadas “Camiño a beiramar”, “Entre Faros” e “Senda do Litoral e Monte de Guía”.

3.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Medio Ambiente, representada pola concelleira delegada de área, instou a ADEAC-FEE os galardóns para o ano 2020:

- Candidatura de dez areais do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2020: areais de A Punta, Carril, Tombo do Gato, Argazada, Samil, Fontaiña, Vao, Canido, Fortiñón, Rodas.

- Renovacións do galardóns de tres Sendeiros Azuis 2020: Sendeiro de ribeira e litoral denominado “Camiño á Beiramar”, “Senda entre Faros nas Illas Cíes” e “Senda Litoral e do Monte da Guía, Teis”,

Os sendeiros azuis configúranse como roteiros que discorren por zonas de interese ambiental do litoral e praias, onde se pode observar a natureza, fauna e flora, e outros elementos de interese, mesmo do patrimonio cultural ao tempo que contribúen o fomento de hábitos de vida saudables.

### **Fundamentos de dereito**

O artigo 25.2., apartados a) b), h), l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano”, “turismo”, “promoción deporte e ocupación do tempo de lecer”, “patrimonio histórico”.

O artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, sinala como competencias dos concellos, nos termos da lexislación das CC.AA., manter as praias e os lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade así como vixiar a observancia das normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.

A área municipal de Medio Ambiente ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 18 e 26 de xuño de 2019 (BOPPO 01/08/2019) competencias en materia medio ambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, a



## Concello de Vigo

xestión dos servizos de tempada que poidan establecer nas praias, o mantemento das praias e lugares públicos de baño en condicións de limpeza hixiene e salubridade, así como, vixiar a observancia das normas sobre salvamento e seguridade das vidas humanas e, asemade, calquera outra competencia que en materia de costas estea atribuída á competencia municipal e non corresponda a ningunha outra área delegada”.

A protección do medio ambiente, especialmente dos areais, exerceuse non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectoriais, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respecto e protección do medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ven desenvolvendo diversos programas de sensibilización e educación ambiental: camiño a camiño, hortas urbanas, sendeiros...

En consideración a estas atribucións, a Concellería de Medio Ambiente ven solicitando todos os anos o galardón de Bandeira Azul para diversas praias da cidade que contan con calidade de auga e de servizos de excelencia segundo criterios esixidos para optar a este galardón, tamén, de Sendeiros Azuis que supón a promoción de sendas vinculadas a praias con bandeiras azul. Ditos galardóns supoñen o compromiso de manter os servizos nas praias e sendas nas condicións esixidas na convocatoria do galardón e continuar co desenvolvemento de programas medioambientais.

Ditos galardóns solicítanse a través de medios telemáticos, cumprimentando os cuestionarios correspondentes e achegando a documentación solicita nos prazos establecidos.

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Medio Ambiente, representada pola concelleira delegada de área, instou a ADEAC-FEE os seguintes galardóns para o ano 2020:

- Candidatura de dez areais do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2020: areais de A Punta, Carril, Tombo do Gato, Argazada, Samil, Fontaiña, Vao, Canido, Fortiñón, Rodas.

- Renovación dos galardóns de tres Sendeiros Azuis 2020:

a) Sendeiro de ribeira e litoral denominado “Camiño á Beiramar”. Discorre: Inicia o seu percorrido na Avda. de Madrid e segue o curso do río Lagares durante máis de 8,1 Km ata chegar ás proximidades da súa desembocadura onde se bifurca en dous trazos que, bordeando a costa, nos levan cara ao leste ao areal do Adro (4,5 km), e cara ao oeste ao areal de Canido (2,6 Km).

b) “Senda Entre Faros nas Illas Cíes” que discorre entre o faro do Peito situado na Illa norte ou de Monteagudo, pasa pola praia de Rodas, ata chegar o faro do Montefaro situado na illa do mesmo nome ou Media, cunha distancia total de 6 km entre faros (circular 12 km) onde se poden observar os principais valores medioambientais que motivaron a súa declaración como parque nacional.

c) “Senda Litoral e do Monte da Guía, Teis”, que transcorre polo monte da Guía e os areas de Ríos de Afora, Etea, Punta, cala do Faro e Lagoa, cun percorrido circular de 5,77 km, onde se poden observar elementos naturais de interese medioambiental e etnográfico.

A documentación presentada telemáticamente incorporouse ó expediente administrativo 14532/306 en formato dixital (CD).

Ao abeiro da delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno local de data 18/06/2019 (BOPPO 01/08/2019) esta debe tomar coñecemento das ditas peticións.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

Tomar coñecemento e ratificar as solicitudes formuladas pola Área de Medio Ambiente deste Concello a ADEAC-FEE, a través da súa plataforma telemática, instando os seguintes galardóns en materia medioambiental:

- Candidatura de dez areas do termo municipal ó galardón de Bandeira Azul 2020: areal de A Punta, Carril, Tombo do Gato, A Argazada, Samil, A Fontaíña, O Vao, Canido, Fortiñón, As Rodas.

- Renovación dos galardóns de tres Sendeiro Azuis para o 2020:

a) Sendeiro de ribeira e litoral denominado “Camiño á Beiramar”. Discorre: tramo río Lagares, Avda. de Madrid a desembocadura; tramo desembocadura río Lagares á praia do Adro en Bouzas; tramo desembocadura río Lagares ó areal de Canido.

b) Senda Entre Faros nas Illas Cíes que partindo da praia de Rodas, bifurcase e chega ata o faro da illa norte ou de Monteagudo e ata o faro do Montefaro situado na illa do mesmo nome ou Media.

c) Senda Litoral e do Monte da Guía, Teis, que transcorre polo monte da Guía, Praia da Punta e Etea en Teis.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **7(35).-DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS, NOS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2019. EXPTE. 12845/446.**

Dáse conta do informe-proposta de data 17/01/19 asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro-delegado de Area, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao sinalado no artigo 63 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), que no seu punto 4 dispón que:



## Concello de Vigo

*“A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente. A información a publicar para este tipo de contratos será, polo menos, o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e a identidade do adxudicatario, ordenándose os contratos pola identidade do adxudicatario.*

*Quedan exceptuados da publicación á que se refire o parágrafo anterior aqueles contratos cuxo valor estimado fose inferior a cinco mil euros, sempre que o sistema de pago utilizado polos poderes adxudicadores fose o de anticipo de caixa ou outro sistema similar para realizar pagos menores.”*

formúlase a seguinte **PROPOSTA**:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo procedemento de contrato menor no Servizo de Montes, Parques e Xardíns, nos meses de outubro, novembro e decembro de 2019.

Expte	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data resolución	Importe
12758/446	CM SER	Reparación dos projectores de iluminación do interior da Alameda da Praza de Compostela	Acelec, Instalaciones Eléctricas, SL	1710.2100000	17/12/2019	3.049,20 €
12414/446	CM SUB	Adquisición de maquinaria para o Servizo	Almijocar, SCG	1710.6230018	17/10/2019	10.000,00 €
12751/446	CM SER	Tala de árbores no parque de Castrelos	Agronergera, SL	1710.2100000	16/12/2019	6.993,80 €
12407/446	CM SER	Prevención de riscos laborais	Aquática Ingeniería Civil, SL	1710.2279900	11/10/2019	402,14 €
12611/446	CM SER	Reportaxe fotográfica e audiovisual de parques infantís	Azulmadeira Fotografía, SLU	1710.2260200	12/11/2019	2.750,00 €
12361/446	CM SER	Servizo de inspección para a prevención e defensa contra os incendios forestais	Peixoto Torres, Manuel	1710.2279900	24/10/2019	7.332,63 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **8(36).-CESIÓN EN USO DUN LOCAL NO EDIFICIO Nº 7 DA PRAZA DA PRINCESA Ó CONSORCIO DO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 20303/240.**

Visto o informe de fiscalización do 14/01/2020, dáse conta do informe-proposta de data 03/12/19, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

### Normativa de aplicación.

- LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril , reguladora das Bases de Réxime Local).
- LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).
- LPACAP (Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).
- LALG (Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia).
- TRRL (R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local).
- RBEL (R.D.1372/1986, de 13 xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).

### Antecedentes:

**Primeiro.-** O Consorcio do Casco Vello de Vigo solicitou en data 13.05.2019 a cesión en uso do local sito no primeiro andar do edificio nº 7 da Praza da Princesa desta cidade de Vigo, nunha superficie de 101,68 m<sup>2</sup> como sede do devandito organismo, e ata o día 31 de decembro do 2021, data de vixencia do Consorcio, consonte o acordo adoptado polo seu Consello de Administración en sesión do 2 de maio de 2019, e nas mesmas condicións fixadas pola Xunta de Goberno Local o 12 de febreiro do 2016.

**Segundo.-** O Concello é titular do edificio sito no nº 7 da Praza da Princesa onde sitúase o primeiro andar obxecto de solicitude, que dispón dunha superficie total de 389 m<sup>2</sup> dos cales destínanse a patio 132,12 m<sup>2</sup>; a zona de usos comúns 32,47 m<sup>2</sup>; a oficina de rehabilitación do concello 122,72 m<sup>2</sup>; e os 101,68 m<sup>2</sup> coa oficina do Consorcio do Casco Vello.

**Terceiro.-** Pola Concellería Delegada de Patrimonio ditouse en data 10.06.2019 orde de servizo para de inicio dos tramites administrativos para o outorgamento da autorización interesada.

Na tramitación do expediente emitiuse informe o Enxeñeiro de Edificación da Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Municipal en data 3.07.2019 no que sinala:

*O local atopase na planta 1ª dun edificio de propiedade municipal co nº 56 da relación de Bens Inmóbiles de titularidade municipal, segundo o ordenamento urbanístico municipal, esta dentro do ámbito do PEPRI Casco Vello, calificado como suelo urbano consolidado, y dentro da normativa, e un edificio de equipamentos, sendo o mesmo un edificio catalogado de grado ambiental.*

*O local en cuestión ten fronte a Plaza da princesa, y patio posterior, de uso privativo, accede a traves das escaleiras comuns do propio edificio que tamen dispon de ascensor, linda mirando dendo o fronte a sua dereita co nucleo das escaleiras y a esquerda coa oficina de rehabilitación, esta ultima dispon de acceso a traves deste local. “ adxuntase plano do local” e fotografías”, o propio local dispon de acceso y aseos, atopandose en adecuado estado de conservación.*

*O uso actual e o de Administrativo-oficinas que corresponde co proposto que a sua vez e permisible tamen polas ordenanzas de aplicación segundo determina a ficha urbanística do propio edificio*





## Concello de Vigo

*Con data de 03/07/2019, xirouse visita a local en cuestión e comprobouse que se atopa en esta de conservación e mantemento adecuado a o uso que poida dar a o mesmo, non apreciándose que sexa necesaria ningún tipo de condicións técnicas mais alo da propia conservación do continente e contido.*

*No que corresponde a valoración, tomando en consideración que a superficie do mesmo de 101,68 m<sup>2</sup>, a súa valoración castratal e de 14.482,36 €, y a valoración de acordo co inventario en fase de aprobación e 72.8547,36 €uros, considerando esta última como a mais axustada a realidade.*

Cuarto.- Pola Concellería de Patrimonio Histórico informouse favorablemente, en data 6/8/2019, a solicitude de cesión de uso do local municipal formulada polo Consorcio do Casco Vello de Vigo

Fundamentos de dereito:

**Primeiro.-** O Concello é propietario do edificio sito no nº 7 da Praza da Princesa, que consta de alta no Inventario Municipal de Bens e Dereitos no seu epígrafe 1 de bens inmóbeis co código de propiedade 000056 e coa natureza xurídica de servizo público, atopándose, na actualidade a 1ª planta adicada parcialmente a servizos administrativos, ocupada pola oficina municipal de rehabilitación, e o resto da superficie ocupada como sede provisional do Consorcio do Casco Vello.

Os edificios administrativos, na súa condición de bens demaniais, réxense polas leis e disposicións especiais que lle sexan de aplicación e, a falta de normas especiais, pola propia lei de Patrimonio das AAPP e disposicións que a desenvolvan ou complementen (art.5.4 LPAP).

A superficie da planta primeira obxecto de solicitude, é de 101,68 m<sup>2</sup> coa seguinte delimitación, reflectida no plano que consta no expediente: polo fronte coa fachada principal a Praza da Princesa; pola fachada posterior con patio de luces; polo lateral dereito co oco da escaleira; e polo lateral esquerdo, coa outra metade do local adicada á oficina de Rehabilitación.

O seu uso para oficina é compatible cos previstos no PXOM e na ficha do edificio contida no PEPRI, segundo informe dos servizos técnicos da XMU.

**Segundo.-** O Consorcio do Casco Vello, segundo resulta dos seus Estatutos, (publicado no Diario Oficial de Galicia en data 27 de decembro do 2012), constitúe unha entidade consorciada (asociada) de carácter interadministrativo integrada pola Xunta de Galicia, a través do IGVS, e o Concello de Vigo. Pola súa natureza é unha entidade local de dereito público de carácter asociativo, dotada de personalidade xurídica independente da dos seus membros, patrimonio propio, administración autónoma e tan ampla capacidade xurídica de dereito público e de dereito privado como requira a realización dos seus fins. (artigos 1 e 2 dos seus Estatutos)

Constitúese co obxecto de articular a cooperación económica, técnica e administrativa entre as administracións consorciadas (asociadas), co propósito de exercer de forma conxunta e coordinada os fins que lle son propios. Ten como fin esencial levar a cabo, de acordo coas previsións do Plan especial de protección e reforma interior (PEPRI) do Casco Vello de Vigo,

unha serie de actuacións e intervencións que contribúan ao proceso de recuperación da súa Área de Rehabilitación Integrada (ARI). (artigos 3 e 4 dos Estatutos).

**Terceiro.-** A condición de entidade de dereito público que ten o Consorcio do Casco Vello, e do que forma parte como ente consorciado o propio Concello de Vigo, posibilita, en base ós principios de cooperación e colaboración que presiden as relacións entre administracións públicas no desenvolvemento e execución das súas respectivas competencias, directamente o de xeito consorciado, unha colaboración entre ambas as dúas administracións, no marco xurídico previsto nas disposicións reguladoras do patrimonio das administracións públicas, que faga viábel a disposición dos medios necesarios para acadar os fins para o que se constituíu. (art. 6.g e art. 183 LPAAPP).

**Cuarto.-** A ocupación polo Consorcio do local municipal interesado require a obtención previa da correspondente autorización administrativa para o aproveitamento e uso dos bens de natureza demanial, título habilitante a outorgar polo procedemento e nas condicións previstas na normativa reguladora do patrimonio das AAPP. (art. 84 LPAAPP)

Neste ámbito xurídico, establécese que a ocupación por terceiros de espazos nos edificios administrativos, admitirásese con carácter excepcional, cando dea soporte á servizos dirixidos ó propio persoal, "... o para a explotación marxinal de espazos no necesarios para os servizos administrativos." (art. 89 LPAAPP). Así mesmo, o art. 90.1 sinala a posibilidade do outorgamento da autorización a persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, para o cumprimento esporádico ou temporal de fins ou funcións públicas.

Estas normas, aínda que non sendo de aplicación xeral a todas ás Administracións Públicas, a tenor do sinalado na disposición final segunda, en relación ó art. 2.2 da devandita Lei, son de aplicación subsidiaria ás entidades locais naquilo non previsto nas normas básicas reguladoras do seu patrimonio.

**Quinto.-** A autorización administrativa outórgase baixo as condicións xerais previstas na normativa legal reguladora do patrimonio das administracións públicas, e as particulares seguintes (artigo 92 LPAAPP):

1º.- A autorización limitarase ó dereito ó uso do local sito no primeiro andar do edificio nº 7 da Praza da Princesa, nunha superficie de 101,68 m<sup>2</sup>, non supoñendo, en ningún caso, cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o inmóbel.

2º.- A autorización outórgase a título gratuito e co único fin de ser adicada, pola entidade usuaria, a sede provisional desta con exclusión expresa de calquera outro uso ou finalidade.

3º.- O prazo da autorización fíxase ata ó 31 de decembro do 2021, data prevista para a extinción do organismo cesionario.

4º.- A autorización ten carácter persoal, non sendo transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel da constitución ou establecemento na mesma de carga ou gravame ningún.

5º.- O Concello resérvase as seguintes facultades que podera exercer cun preaviso de dous meses e sen que xeneren dereito indemnizatorio ningún a favor da usuaria:



## Concello de Vigo

- A da revocación unilateral da autorización, en calquera momento, por razóns de interese público.
- A suspensión da autorización administrativa, polo tempo necesario para a execución de obras de reforma, rehabilitación ou mellora no edificio municipal na Praza da Princesa nº 7.
- A modificación na superficie do local cedido, que poderá verse incrementada ou reducida.
- A substitución do local obxecto da cesion por outro no mesmo edificio, atendendo a razóns de interese municipal.

6º.- A entidade usuaria está obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade cívil xeral, incluíndo a responsabilidade cívil por danos que poida causar a entidade á terceiros, na súa condición de usuario da propiedade municipal, tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Así mesmo incluírá a responsabilidade cívil locativa que ampare calquera dano que poida ocasionar ó local polos actos ou omisións de carácter negligente cun límite de indemnización mínima de 300.506,05 euros.

7º.- Serán por conta da entidade usuaria:

- Os gastos de mantemento e conservación do local, e da zona gravada co dereito de paso a favor do local anexo.
- Os gastos pola subministración de auga, electricidade, teléfono e demais servizos de uso exclusivo desta.
- Os comúns do edificio, na proporción á superficie ocupada.
- O aboamento das taxas e tributos que correspondan pola ocupación do inmovible.
- Os gastos que poidan xenerar a suspensión da autorización; a modificación na superficie do local, ou a substitución deste por outro no mesmo edificio.

8º.- O local que se cede queda gravado, de xeito continuado e permanente, e durante toda a vixencia da autorización, co dereito a paso a favor da municipal colindante, e actualmente adicado a oficina de rehabilitación, na superficie e coa delimitación reflectida no plano que se achegue ó documento da formalización da autorización.

9º.- As obras de adaptación, reparación e mellora que se executen no local, serán por conta exclusiva da entidade cesionaria, requirindo a presentación previa dunha memoria ou proxecto e a súa aprobación polo Concelleiro Delegado de Patrimonio, sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas. En todos os casos, os gastos investidos quedarán en beneficio do inmóbel sen dereito ningún ó seu reembolso por esta administración.

10º.- A administración autorizante resérvase a facultade de inspeccionar en calquera momento o ben obxecto da autorización, para comprobar o cumprimento dos termos nos que foi outorgada, podendo dictar as instrucións e ordes pertinentes para o bo estado de conservación e mantemento do mesmo.

11º.- Son causas de extinción da autorización, ademais das xerais previstas nas leis:

- Polo transcurso do prazo outorgado.
- A adicación do local a usos ou fins distintos ós autorizados.

- . Dispoñer o Consorcio dunha nova sede.
- . Non atender as ordes ou instrucións ditadas polo Concello en cuestións de mantemento e conservación do local.
- . A revocación unilateral acordada polo Concello ou o desestimento ou renuncia do Consorcio.
- . A interrupción, total ou parcialmente, da zona vencellada ó dereito ó paso.
- . O incumprimento de calquera outra condición na que foi outorgada.

12º.- Extinguida por calquera das causas previstas a autorización, a entidade autorizada procederá o seu desaloxo e posta a disposición do Concello, en perfecto estado de conservación, correndo do seu cargo os gastos que se xeneren.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **acordo**:

*Primeiro.- Declarar como non necesario ós servizos administrativos do Concello, o local de titularidade municipal sito no primeiro andar do edificio nº 7 da Praza da Princesa desta cidade de Vigo, nunha superficie de 101,68 m<sup>2</sup> e coa delimitación reflectida no plano achegado o expediente.*

*Segundo.- Autorizar, ó Consorcio do Casco Vello de Vigo, o seu uso temporal como sede provisional da entidade.*

*Terceiro.- A autorización outórgase nas seguintes condicións:*

*1º.- A autorización limitarase ó dereito ó uso do local sito no primeiro andar do edificio nº 7 da Praza da Princesa, nunha superficie de 101,68 m<sup>2</sup>, non supoñendo, en ningún caso, cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o inmóbel.*

*2º.- A autorización outórgase a título gratuito e co único fin de ser adicada, pola entidade usuaria, a sede provisional desta con exclusión expresa de calquera outro uso ou finalidade.*

*3º.- O prazo da autorización fíxase ata ó 31 de decembro do 2021, data prevista para a extinción do organismo cesionario.*

*4º.- A autorización ten carácter persoal, non sendo transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel da constitución ou establecemento na mesma de carga ou gravame ningún.*

*5º.- O Concello resérvase as seguintes facultades que podera exercer cun preaviso de dous meses e sen que xeneren dereito indemnizatorio ningún a favor da usuaria:*

- *A da revocación unilateral da autorización, en calquera momento, por razóns de interese público.*
- *A suspensión da autorización administrativa, polo tempo necesario para a execución de obras de reforma, rehabilitación ou mellora no edificio municipal na Praza da Princesa nº 7.*
- *A modificación na superficie do local cedido, que poderá verse incrementada ou reducida.*



## Concello de Vigo

- *A substitución do local obxecto da cesion por outro no mesmo edificio, atendendo a razóns de interese municipal.*

6º.- *A entidade usuaria está obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade cívil xeral, incluíndo a responsabilidade civil por danos que poida causar a entidade á terceiros, na súa condición de usuario da propiedade municipal, tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Así mesmo incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que poida ocasionar ó local polos actos ou omisións de carácter negligente cun límite de indemnización mínima de 300.506,05 euros.*

7º.- *Serán por conta da entidade usuaria:*

- *Os gastos de mantemento e conservación do local, e da zona gravada co dereito de paso a favor do local anexo.*
- *Os gastos pola subministración de auga, electricidade, teléfono e demais servizos de uso exclusivo desta.*
- *Os comúns do edificio, na proporción á superficie ocupada.*
- *O aboamento das taxas e tributos que correspondan pola ocupación do inmovible.*
- *Os gastos que poidan xenerar a suspensión da autorización; a modificación na superficie do local, ou a substitución deste por outro no mesmo edificio.*

8º.- *O local que se cede queda gravado, de xeito continuado e permanente, e durante toda a vixencia da autorización, co dereito a paso a favor da municipal colindante, e actualmente adicado a oficina de rehabilitación, na superficie e coa delimitación reflectida no plano que se achegue ó documento da formalización da autorización.*

9º.- *As obras de adaptación, reparación e mellora que se executen no local, serán por conta exclusiva da entidade cesionaria, requirindo a presentación previa dunha memoria ou proxecto e a súa aprobación polo Concelleiro Delegado de Patrimonio, sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas. En todos os casos, os gastos investidos quedarán en beneficio do inmóbel sen dereito ningún ó seu reembolso por esta administración.*

10º.- *A administración autorizante resérvase a facultade de inspeccionar en calquera momento o ben obxecto da autorización, para comprobar o cumprimento dos termos nos que foi outorgada, podendo ditar as instrucións e ordes pertinentes para o bo estado de conservación e mantemento do mesmo.*

11º.- *Son causas de extinción da autorización, ademais das xerais previstas nas leis:*

- *Polo trancurso do prazo outorgado.*
- *A adicación do local a usos ou fins distintos ós autorizados.*
- *Dispoñer o Consorcio dunha nova sede.*
- *Non atender as ordes ou instrucións ditadas polo Concello en cuestións de mantemento e conservación do local.*
- *A revocación unilateral acordada polo Concello ou o desistimento ou renuncia do Consorcio.*
- *A interrupción, total ou parcialmente, da zona vencellada ó dereito ó paso.*
- *O incumprimento de calquera outra condición na que foi outorgada.*

*12º.- Extinguida por calquera das causas previstas a autorización, a entidade autorizada procederá o seu desaloxo e posta a disposición do Concello, en perfecto estado de conservación, correndo do seu cargo os gastos que se xeren.*

*Cuarto.- A presente autorización, formalizaráse en documento administrativo, no prazo dos trinta días seguintes á data da súa notificación á entidade autorizada.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(37).-PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SOLICITUDE DO EMPREGADO MUNICIPAL CON NÚMERO DE PERSOAL 84277. EXPTE. 35267/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 16/01/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

**I.-** En escrito de data da sinatura electrónica (nº doc. 190189802) o/ empregado municipal Sr. Arnejo Casanova S., con DNI nº 3\*70\*\*\*9 \*, solicita o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo en proceso xudicial derivado de actuacións contra o ingreso no servizo de Bombeiros.

**II.-** O importe solicitado ascende a unha contía de 726 euros. Se aportan a tal efecto a factura: GB/287/2019, de data 22/11/2019.

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

**I.-** O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

**II.-** O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.



## Concello de Vigo

**III.-** A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurren circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.

Esta doutrina foi recollida en resolucións xudiciais posteriores, talse como as Sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 22 de decembro de 2003, Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, de 27 de marzo de 2008, entre outras.

Con data 28 de xuño de 2017, Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”, informe anexo ao expediente.

**IV.-** Aplicando ao caso que nos ocupa o exposto nos fundamentos anteriores, cabe concluír que non se cumpre o presuposto necesario para xerar o dereito ao abono dos gastos xudiciais. O convenio establece claramente que o dereito á defensa xurídica dos traballadores do concello, ten que ter o seu orixe ou ser “consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo”. Pola súa banda a xurisprudencia do Tribunal Supremo concreta que o gasto xudicial “tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.”

Da propia solicitude, que literalmente manifesta que os gastos reclamados son consecuencia de “*determinadas actuaciones contra el ingreso en el servicio de bomberos, personándose también en contra de esta denuncia el Concello de Vigo, a favor de mi*

*pretensión y de la resolución del tribunal calificador, dictándose sentencia favorable en el juzgado...”; cabe concluir que os gastos xudiciais xerados polo Sr. Arnejo Casanova, non foron consecuencia de actuacións derivadas de funcións propias do seu cargo, nin se dan o resto dos requisitos establecidos xurisprudencialmente. Os gastos solicitados, teñen a súa orixe directa na actuación do órgano de selección, nun proceso dirixido contra o Concello de Vigo, no que se solicitaba a nulidade das actuacións do órgano calificador, proceso no que o agora solicitante, tiña a condición de interesado. Non estando polo tanto o caso que nos ocupa, dentro dos supostos nos que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo, procede a desestimación da solicitude.*

**V.-** De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Por tanto, e coa conformidade da Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, (Delegacións competenciais por Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de datas 18/06/2019 e 20/06/2019) elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**“PRIMEIRO.-** Desestimar, en base ao informe proposta que antecede a solicitude presentada polo empregado municipal Sr. Arnejo Casanova (nº doc. 190189802).

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **10(38).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SOLICITUDE DO EMPREGADO MUNICIPAL CON NÚMERO DE PERSOAL 84283. EXPTE: 35300/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 16/01/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**





## Concello de Vigo

I.- En escritos de data da sinatura electrónica (nº doc. 200002302 e doc. nº 200002308) o/ empregado municipal Sr. Romero García C, con DNI nº 3\*45\*\*\*4 \*, e NP 84283, solicita por duplicado o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo en proceso xudicial derivado de actuacións contra o ingreso no servizo de Bombeiros.

II.- O importe solicitado ascende a unha contía de 726 euros. Se aportan a tal efecto a factura: GB/291/2019, de data 22/11/2019.

### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II.- O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

III.- A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurren circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia

de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.

Esta doutrina foi recollida en resolucións xudiciais posteriores, talse como as Sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 22 de decembro de 2003, Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, de 27 de marzo de 2008, entre outras.

Con data 28 de xuño de 2017, Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”, informe anexo ao expediente.

**IV.-** Aplicando ao caso que nos ocupa o exposto nos fundamentos anteriores, cabe concluír que non se cumpre o presuposto necesario para xerar o dereito ao abono dos gastos xudiciais. O convenio establece claramente que o dereito á defensa xurídica dos traballadores do concello, ten que ter o seu orixe ou ser “consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo”. Pola súa banda a xurisprudencia do Tribunal Supremo concreta que o gasto xudicial “tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.”

Da propia solicitude, que literalmente manifesta que os gastos reclamados son consecuencia de *“determinadas actuaciones contra el ingreso en el servicio de bomberos, personándose también en contra de esta denuncia el Concello de Vigo, a favor de mi pretensión y de la resolución del tribunal calificador, dictándose sentencia favorable en el juzgado...”*; cabe concluír que os gastos xudiciais xerados polo Sr. Romero García, non foron consecuencia de actuacións derivadas de funcións propias do seu cargo, nin se dan o resto dos requisitos establecidos xurisprudencialmente. Os gastos solicitados, teñen a súa orixe directa na actuación do órgano de selección, nun proceso dirixido contra o Concello de Vigo, no que se solicitaba a nulidade das actuacións do órgano calificador, proceso no que o agora solicitante, tiña a condición de interesado. Non estando polo tanto o caso que nos ocupa, dentro dos supostos nos que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo, procede a desestimación da solicitude.

**V.-** De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Por tanto, e coa conformidade da Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, (Delegacións competenciais por Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de datas 18/06/2019 e 20/06/2019) elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**“PRIMEIRO.-** Desestimar, en base ao informe proposta que antecede a solicitude presentada polo empregado municipal Sr. Romero García (nº doc.200002302 e doc. nº 200002308).



## Concello de Vigo

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(39).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SOLICITUDE DO EMPREGADO MUNICIPAL CON NÚMERO DE PERSOAL 84280. EXPTE: 35301/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 16/01/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- En escritos de data da sinatura electrónica (nº doc. 190202398 e doc. nº 190202449) o/ empregado municipal Sr. Serrano López A., con DNI nº 5\*18\*\*\*6 \*, e NP 84280, solicita por duplicado o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo en proceso xudicial derivado de actuacións contra o ingreso no servizo de Bombeiros.

II.- O importe solicitado ascende a unha contía de 726 euros. Se aportan a tal efecto a factura: GB/289/2019, de data 22/11/2019.

#### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

I.- O Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II.- O artigo 36 do vixente "Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

III.- A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurren circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.

Esta doutrina foi recollida en resolucións xudiciais posteriores, talse como as Sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 22 de decembro de 2003, Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, de 27 de marzo de 2008, entre outras.

Con data 28 de xuño de 2017, Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”, informe anexo ao expediente.

IV.- Aplicando ao caso que nos ocupa o exposto nos fundamentos anteriores, cabe concluír que non se cumpre o presuposto necesario para xerar o dereito ao abono dos gastos xudiciais. O convenio establece claramente que o dereito á defensa xurídica dos traballadores do concello, ten que ter o seu orixe ou ser “consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo”. Pola súa banda a xurisprudencia do Tribunal Supremo concreta que o gasto xudicial “tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.”

Da propia solicitude, que literalmente manifesta que os gastos reclamados son consecuencia de “*determinadas actuaciones contra el ingreso en el servicio de bomberos, personándose también en contra de esta denuncia el Concello de Vigo, a favor de mi*



## Concello de Vigo

*pretensión y de la resolución del tribunal calificador, dictándose sentencia favorable en el juzgado...";* cabe concluir que os gastos xudiciais xerados polo Sr. Serrano López, non foron consecuencia de actuacións derivadas de funcións propias do seu cargo, nin se dan o resto dos requisitos establecidos xurisprudencialmente. Os gastos solicitados, teñen a súa orixe directa na actuación do órgano de selección, nun proceso dirixido contra o Concello de Vigo, no que se solicitaba a nulidade das actuacións do órgano calificador, proceso no que o agora solicitante, tiña a condición de interesado. Non estando polo tanto o caso que nos ocupa, dentro dos supostos nos que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo, procede a desestimación da solicitude.

**V.-** De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Por tanto, e coa conformidade da Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, (Delegacións competenciais por Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de datas 18/06/2019 e 20/06/2019) elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**"PRIMEIRO.-** Desestimar, en base ao informe proposta que antecede a solicitude presentada polo empregado municipal Sr. Serrano López (doc. nº 190202398 e doc. nº 190202449).

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(40).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SOLICITUDE DO EMPREGADO MUNICIPAL CON NÚMERO DE PERSOAL 84274. EXPTE: 35309/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 16/01/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

**I.-** En escrito de data da sinatura electrónica (nº doc. 190205481) o/ empregado municipal Sr. Buján Puentes, con DNI nº 4\*07\*\*\*2 \*, e NP 84274, solicita o aboamento dos gastos xudi-

ciais ocasionados como consecuencia do persoamento do mesmo en proceso xudicial derivado de actuacións contra o ingreso no servizo de Bombeiros.

**II.-** O importe solicitado ascende a unha contía de 726 euros. Se aportan a tal efecto a factura: GB/288/2019, de data 22/11/2019.

## **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

**I.-** O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

**II.-** O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

**III.-** A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurran circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.



## Concello de Vigo

Esta doutrina foi recollida en resolucións xudiciais posteriores, talse como as Sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 22 de decembro de 2003, Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, de 27 de marzo de 2008, entre outras.

Con data 28 de xuño de 2017, Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”, informe anexo ao expediente.

**IV.-** Aplicando ao caso que nos ocupa o exposto nos fundamentos anteriores, cabe concluír que non se cumpre o presuposto necesario para xerar o dereito ao abono dos gastos xudiciais. O convenio establece claramente que o dereito á defensa xurídica dos traballadores do concello, ten que ter o seu orixe ou ser “consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo”. Pola súa banda a xurisprudencia do Tribunal Supremo concreta que o gasto xudicial “tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.”

Da propia solicitude, que literalmente manifesta que os gastos reclamados son consecuencia de *“determinadas actuaciones contra el ingreso en el servicio de bomberos, personándose también en contra de esta denuncia el Concello de Vigo, a favor de mi pretensión y de la resolución del tribunal calificador, dictándose sentencia favorable en el juzgado...”*; cabe concluír que os gastos xudiciais xerados polo Sr. Buján Puentes, non foron consecuencia de actuacións derivadas de funcións propias do seu cargo, nin se dan o resto dos requisitos establecidos xurisprudencialmente. Os gastos solicitados, teñen a súa orixe directa na actuación do órgano de selección, nun proceso dirixido contra o Concello de Vigo, no que se solicitaba a nulidade das actuacións do órgano calificador, proceso no que o agora solicitante, tiña a condición de interesado. Non estando polo tanto o caso que nos ocupa, dentro dos supostos nos que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo, procede a desestimación da solicitude.

**V.-** De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Por tanto, e coa conformidade da Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, (Delegacións competenciais por Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de datas 18/06/2019 e 20/06/2019) elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**“PRIMEIRO.-** Desestimar, en base ao informe proposta que antecede a solicitude presentada polo empregado municipal Sr. Buján Puentes (doc. nº nº doc. 190205481).

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(41).- PROPOSTA ESTIMATORIA DE SOLICITUDE DE ABOAMENTO DE DIFERENCIAS RETRIBUTIVAS (FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS POLICÍA LOCAL). EXPTE. 34536/220.**

Visto o informe de fiscalización do 08/01/2020, dáse conta do informe-proposta do 13/11/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- En data de sinatura electrónica se presenta solicitude (nº doc. 190118626) polo Sindicato Independente do Concello de Vigo na que se expón: *“El pasado día 15 de julio del año en curso se han incorporado los funcionarios en prácticas procedentes de la academia gallega de seguridad pública, pasando a realizar las funciones propias de servicio al que pertenecen de la policía local de Vigo. Todos ellos se encuentran prestando servicio activo en el horario asignado por la jefatura y en el turno también asignado, durante el período del 15 de julio hasta el día 2 de septiembre, por lo que les corresponde el 100% de las retribuciones correspondientes al servicio.”*

En base a elo solicitan se realicen os axustes en nómina necesarios para o cobro do 100%.

II.- Solicitado informe ao Xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, o mesmo foi emitido en data 11/10/2019. Consta anexado ao expediente e nel se afirma: *“... Todos os funcionarios que realizaron as citadas prácticas, cuxa relación nominal se achega no presente informe como Anexo, realizaron, en prácticas (é dicir, tutelados por funcionario de carreira), todas as funcións correspondentes ao posto de traballo de policía local no sentido preciso que a esta locución lle corresponde segundo o disposto no inciso primeiro do art. 17 (“Para aquellos que ingresen por primera vez en la categoría de policía, el curso selectivo comprenderá también un período de prácticas que se desarrollará en el puesto de trabajo, y que conforma junto con el curso teórico un continuum en la formación y capacitación profesional”) en relación co art. 18.1 (La Academia Gallega de Seguridad Pública facilitará los instrumentos de valoración objetiva del trabajo y de las actitudes y aptitudes mostradas por el alumnado en el período de prácticas, que incluirán, como mínimo, los siguientes parámetros: actitud personal, disciplina, relaciones con el ciudadano, cantidad y calidad del trabajo, compañerismo, motivación y superación personal.) ambos do citado Decreto 243/08 de Galicia e a súa vez*





## Concello de Vigo

en relación co art. 53 da L.O. 2/86 de Forzas e Corpos de Seguridade, e arts. 8 e 25.1 letra d da Lei 4/07 de Coordinación das Policía Local de Galicia.

### V

Aos citados funcionarios lles resulta entón de aplicación o disposto no parágrafo segundo do art. 1 do RD 456/86 que regula as retribucións dos funcionarios en prácticas, segundo o cal

No obstante, si las prácticas se realizan desempeñando un puesto de trabajo, el importe anterior (soldo e pagas extraordinarias) se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto, y las retribuciones resultantes serán abonadas por el Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.

### VI

En mérito de canto se ten dito, o funcionario que suscribe considera pertinente formular a seguinte,

### CONCLUSIÓN

Os funcionarios en prácticas aos que fae referencia a petición de informe da Técnica Xeral de RRHH do Concello devindicaron o dereito a perceber a totalidade das retribucións fixas e periódicas correspondentes ao posto de policía local que en prácticas desenvolveron desde o 15 de xullo ata o 31 de agosto, ambos os dous días incluídos."

III.- Os funcionarios incluídos no anexo son:

NIF	N.º PERSOAL	APELIDOS E NOME
***5955**	84286	ALONSO QUIÑONES PABLO
***6128**	84287	ALONSO SIMÓN LUÍS
***7429**	84301	ANTUNES VARELA MARÍA JESÚS
***7474**	84288	AREAL LAGO DAMIÁN
***3355**	84289	AVENDAÑO PAZOS JOSÉ
***9421**	84290	BASTOS SALORIO TAMARA
***9051**	84291	CAMPOS FERNÁNDEZ ALEXANDRA
***5487**	80427	CONDE CASTRO DANIEL

***2935**	84292	GARCÍA MIGUELEZ JORGE
***6214**	84302	GONZÁLEZ FORTES JUAN CARLOS
***7350**	84294	GONZÁLEZ SELLÁN ALEJANDRO
***5523**	84303	GONZÁLEZ VÁZQUEZ BORJA
***6049**	84295	HERRERA SOUSA BORJA
***1805**	84296	LÓPEZ RODRÍGUEZ ERO
***5586**	84304	LÓPEZ RODRÍGUEZ PABLO
***6437**	84297	MACÍAS BARROS JUAN PEDRO
***3021**	84305	MEJUTO ARES CARLOS
***1806**	84298	MENÉNDEZ MARQUÉS ALEJANDRO
***7801**	84306	MÍGUEZ PÉREZ PABLO
***6069**	84299	PENA PEREIRA DÁMASO LEONARDO
***5377**	84300	PÉREZ ÁLVAREZ ALEJANDRO
***0547**	84307	PÉREZ GIRÁLDEZ BRAIS
***4199**	84308	VÁZQUEZ CARBÓN ÁNGEL

**VI.-** En data de sinatura electrónica a Técnica de Formación e Avaliación emite informe no que consta que *“as diferencias retributivas entre os postos de policía local en prácticas e as correspondentes ao posto de funcionario de carreira dos 24 funcionarios con posto de Policía Local en prácticas, no periodo do 15/7/2019 ao 31/08/2019, ambos incluídos , suporía un total de 46.909,81€, (1.954,58€ por efectivo), cantidade resultante das diferencias entre os importes correspondentes ao complemento específico e complemento de destino, no periodo indicado.”*

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

**I.-** Lei 7/1985, de 2 de abril, Lei de Bases do Réxime Local.



## Concello de Vigo

II.- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

III.- RD 456/1986, de 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a *sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

#### II.- Lexislación aplicable.

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de retribucións dos funcionarios locais deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 92 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local: “Los funcionarios al servicio de la Administración local se rigen, en lo no dispuesto en esta Ley, por la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empregado Público (actualmente TR 5/2015), por la restante legislación del Estado en materia de función pública, así como por la legislación del las Comunidades Autónomas, en los términos del artículo 149.1.18ª de la Constitución.

-o artigo 93 do mesmo corpo legal: “Las retribuciones básicas de los **funcionarios locales** tendrán la misma estructura e idéntica cuantía que las establecidas con carácter general para toda la función pública.

*Las retribuciones complementarias se atenderán, asimismo, a la estructura y criterios de valoración objetiva de las del resto de los funcionarios públicos. Su cuantía global será fijada por el pleno de la corporación dentro de los límites máximos y mínimos que se señalen por el Estado.*

*Las Corporaciones locales reflejarán anualmente en sus Presupuestos la cuantía de las retribuciones de sus funcionarios en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública.”*

Así mesmo, tamén é preciso ter en conta o RD 158/1996, de 2 de febreiro (que modifica o RD 861/1986, de 25 de abril), sobre Réxime de Retribucións dos Funcionarios da Administración Local. Pola súa parte, a STS de 23 de xullo de 1996 rectifica o carácter básico de estas retribucións e, por conseguinte, a necesidade de adecuarse aos criterios fixados para a Administración do Estado.

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

**"FD CUARTO.-**

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”***

**III.- Funcionarios en prácticas.-**

Son funcionarios en prácticas aqueles que se encontran en período de prácticas o desenvolvendo cursos selectivos de cara a súa posterior incorporación a la función pública.

De conformidade co establecido no artigo 26 do TRLEBEP, “Las Administraciones Públicas determinarán las retribuciones de los funcionarios en prácticas que, como mínimo, se



## Concello de Vigo

corresponderán a las del sueldo del Subgrupo o Grupo, en el supuesto de que éste no tenga Subgrupo, en que aspiren a ingresar”

De acuerdo con lo establecido en el Real Decreto 456/1986, de 10 de febrero, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, tras seu nomeamento como tales, “percibirán una retribución equivalente al sueldo y pagas extraordinarias correspondientes al grupo en el que esté clasificado el cuerpo o escala en el que aspiren a ingresar.

No obstante, si las prácticas se realizan desempeñando un puesto de trabajo, el importe anterior se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto, y las retribuciones resultantes serán abonadas por el Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.

No artigo 2 do citado Real Decreto “Los funcionarios en prácticas que ya estén prestando servicios remunerados en la Administración como funcionarios de carrera o interinos o como personal laboral deben optar, al comienzo del período de prácticas, o del curso selectivo, por percibir, con cargo al Departamento ministerial u organismo público al que estén adscritos los puestos de trabajo de origen:

**a)** Las retribuciones correspondientes al puesto que estén desempeñando hasta el momento de su nombramiento como funcionarios en prácticas, además de los trienios que tuvieran reconocidos.

**b)** Las previstas en el artículo anterior, además de los trienios reconocidos. No obstante, si durante este período se desempeñara un puesto de trabajo como funcionario en prácticas, el abono de las retribuciones corresponderá al Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.

En todo caso, estos funcionarios en prácticas deberán reincorporarse, una vez finalizado el curso selectivo o período de prácticas, a su puesto de trabajo de origen hasta su toma de posesión como funcionario de carrera en el nuevo cuerpo o escala, sin perjuicio de lo dispuesto en la disposición adicional quinta del Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento General de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración General del Estado y de Provisión de Puestos de Trabajo y Promoción Profesional de los Funcionarios Civiles de la Administración General del Estado.”

### **IV.- Aplicación ao caso concreto.-**

No presente caso se solicita polo sindicato referido no antecedente primeiro de este informe a restitución durante o período do 15 de xullo ao 2 de setembro do 100% das retribucións correspondentes aos funcionarios en prácticas, toda vez que se atopan prestando servizo activo no horario asignado pola xefatura e na quenda tamén asignada.

Á vista dos feitos expostos e preciso acudir para resolver a cuestión ao Real Decreto 456/1986, de 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, o cal no seu artigo 1º determina que:

“ Quienes, a partir de la entrada en vigor del presente Real Decreto, se encuentren en período de prácticas o desarrollando cursos selectivos de los previstos en el artículo 22 del

Real Decreto 2223/1984, de 19 de diciembre, serán nombrados funcionarios en prácticas, y percibirán una retribución equivalente al sueldo y pagas extraordinarias correspondientes al grupo en el que esté clasificado el cuerpo o escala en el que aspiren a ingresar.

No obstante, **si las prácticas se realizan desempeñando un puesto de trabajo, el importe anterior se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto**, y las retribuciones serán abonadas por el Departamento ministerial u organismo público al que esté adscrito el citado puesto de trabajo.”

Partindo dunha interpretación literal do precepto entendo que a única premisa fáctica a ter en conta para resolver a cuestión é si os funcionarios en prácticas realizaron as prácticas desenvolvendo ou non o posto de traballo, xa que logo si este feito se producira, é dicir, si os funcionarios en prácticas desenvolveron funcións idénticas ás realizadas polos outros funcionarios do servizo, entendo que procedería estimar a solicitude. O que resultaría contraditorio é que a Administración recoñecera a un funcionario capacidade ou aptitude suficiente para o desenvolvemento dun determinado postos de traballo e, simultaneamente, lle negara os dereitos retributivos económicos inherentes ou vinculados a ese mesmo posto, podendo incluso neste suposto, chegar a producir un resultado difícil de xustificar dende a perspectiva do principio de igualdade ao supoñer dar un diferente trato retributivo aos que desenvolven iguais cometidos e xerar unha situación de diferenza retributiva a pesar de que o cometido funcional estivese referido a idénticas actividades e funcións.

Neste caso a pesar de que non temos un nomeamento oficial, nin unha orde por escrito de que os solicitantes desenvolvan as funcións, xa non como funcionarios en prácticas, se non como o resto dos funcionarios do servizo, desenvolvendo as funcións propias do posto de traballo; si temos un recoñecemento por parte do Xefe da Área de Seguridade e Mobilidade que afirma que *“Todos os funcionarios que realizaron as citadas prácticas, cuxa relación nominal se achega no presente informe como Anexo, realizaron, en prácticas (é dicir, tutelados por funcionario de carreira), todas as funcións correspondentes ao posto de traballo de policía local no sentido preciso que a esta locución lle corresponde segundo o disposto no inciso primeiro do art. 17 (“Para aqueles que ingresen por primeira vez en la categoría de policía, el curso selectivo comprenderá también un período de prácticas que se desarrollará en el puesto de trabajo, y que conforma junto con el curso teórico un continuum en la formación y capacitación profesional”) en relación co art. 18.1 (La Academia Gallega de Seguridad Pública facilitará los instrumentos de valoración objetiva del trabajo y de las actitudes y aptitudes mostradas por el alumnado en el período de prácticas, que incluirán, como mínimo, los siguientes parámetros: actitud personal, disciplina, relaciones con el ciudadano, cantidad y calidad del trabajo, compañerismo, motivación y superación personal.) ambos do citado Decreto 243/08 de Galicia e a súa vez en relación co art. 53 da L.O. 2/86 de Forzas e Corpos de Seguridade, e arts. 8 e 25.1 letra d da Lei 4/07 de Coordinación das Policía Locais de Galicia...”* Concluindo: *“Os funcionarios en prácticas aos que fae referencia a petición de informe da Técnica Xeral de RRHH do Concello devindicaron o dereito a perceber a totalidade das retribucións fixas e periódicas correspondentes ao posto de policía local que en prácticas desenvolveron desde o 15 de xullo ata o 31 de agosto, ambos os dous días incluídos.”*

En consecuencia, procede estimar a solicitude presentada, acordando o dereito dos mesmos a percibir o abono das diferenzas retributivas referidas durante o período indicado.



## Concello de Vigo

En canto a contía que correspondería satisfacer por aplicación do apartado segundo do artigo 1º de RD 456/1986 (el importe anterior se incrementará en las retribuciones complementarias correspondientes a dicho puesto), e segundo consta no informe de data de sinatura electrónica da Técnica de Formación e Avaliación anexoado ao expediente, “as diferencias retributivas entre os postos de policía local en prácticas e as correspondentes ao posto de funcionario de carreira dos 24 funcionarios con posto de Policía Local en prácticas, no periodo do 15/7/2019 ao 31/08/2019, ambos incluídos, suporía un total de 46.909,81€, (1.954,58€ por efectivo), cantidade resultante das diferencias entre os importes correspondentes ao complemento específico e complemento de destino, no periodo indicado”

### V.- Réxime competencial e proposta de acordo

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para aprobar as retribucións do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Polo tanto, coa conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal (Delegación competencial por Decreto da Alcaldía e Acordo da XGL de 18/06/2019 e 20/06/2019), elévase a Xunta de Goberno Local, a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Estimar, en base aos informes emitidos no presente expediente, a solicitude presentada, acordando o dereito a percibir o abono das diferencias retributivas entre os postos de policía local en prácticas e as correspondentes ao posto de funcionario de carreira dos funcionarios seguintes:

NIF	N.º PERSOAL	APELIDOS E NOME
***5955**	84286	ALONSO QUIÑONES PABLO
***6128**	84287	ALONSO SIMÓN LUÍS
***7429**	84301	ANTUNES VARELA MARÍA JESÚS
***7474**	84288	AREAL LAGO DAMIÁN
***3355**	84289	AVENDAÑO PAZOS JOSÉ
***9421**	84290	BASTOS SALORIO TAMARA
***9051**	84291	CAMPOS FERNÁNDEZ ALEXANDRA

NIF	N.º PERSOAL	APELIDOS E NOME
***5487**	80427	CONDE CASTRO DANIEL
***2935**	84292	GARCÍA MIGUELEZ JORGE
***6214**	84302	GONZÁLEZ FORTES JUAN CARLOS
***7350**	84294	GONZÁLEZ SELLÁN ALEJANDRO
***5523**	84303	GONZÁLEZ VÁZQUEZ BORJA
***6049**	84295	HERRERA SOUSA BORJA
***1805**	84296	LÓPEZ RODRÍGUEZ ERO
***5586**	84304	LÓPEZ RODRÍGUEZ PABLO
***6437**	84297	MACÍAS BARROS JUAN PEDRO
***3021**	84305	MEJUTO ARES CARLOS
***1806**	84298	MENÉNDEZ MARQUÉS ALEJANDRO
***7801**	84306	MÍGUEZ PÉREZ PABLO
***6069**	84299	PENA PEREIRA DÁMASO LEONARDO
***5377**	84300	PÉREZ ÁLVAREZ ALEJANDRO
***0547**	84307	PÉREZ GIRÁLDEZ BRAIS
***4199**	84308	VÁZQUEZ CARBÓN ÁNGEL

**SEGUNDO.-** En consecuencia acordar o abono polo concepto indicado da cantidade de 46.909,81 €; 1.954,58€ para cada un de eles.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ao Comité de Persoal, o Sindicato Independente do Concello de Vigo, aos interesados, ao Xefe de Seguridade e Mobilidade, a Intervención xeral, ao persoal técnico de Recursos Humanos e Formación.





## Concello de Vigo

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social .

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(42).- MODIFICACIÓN DA VIXENTE RPT EN CUMPRIMENTO DAS PREVISIÓNS DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2020. EXPTE: 35221/220.**

Visto o informe xurídico do 08/01/2020 e o informe de fiscalización do 16/01/2020, dáse conta do informe-proposta do 30/12/19, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1.- Con data 23/12/2019, pola Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal procedeuse a dictar orde de incoación de expediente no senso seguinte:

*"Considerando a aprobación definitiva dos Orzamentos Municipais 2020 polo Pleno da Corporación en sesión de data 23/12/2019, en cuxo Capítulo I se contempla a transferencia das prazas de persoal do Concello de Vigo con destino no organismo autónomo "Xerencia Municipal de Urbanismo" ao dito organismo, e aras a facilitar a mellora na xestión do persoal existente no mesmo, previa negociación coa representación sindical do persoal municipal;*

*Considerando a necesidade de axuste da vixente RPT ao acordado, de xeito tal que causen baixa no Concello de Vigo os postos de traballo asociados ás prazas obxecto de transferencia, sendo competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación e modificación das relacións de postos de traballo ou instrumentos equivalentes ex artigo 127.1, letra h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local;*

*Pola presente e ao abeiro das competencias que ostento por delegación competencial efectuada en datas 18/06/2019 e 20/06/2019, dispoño:*

*"Ordear que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación dos procedementos administrativos tendentes á modificación da vixente RPT, causando baixa no Concello de Vigo os postos de traballo asociados ás prazas obxecto de transferencia á Xerencia Municipal de Urbanismo, consonte ao previsto no capítulo I dos Orzamentos Municipais 2020, e nos termos do establecido na normativa vixente que resulte de procedente aplicación".*

2.- Solicitado informe técnico identificativo dos postos de traballo a amortizar na RPT municipal vixente na actualidade, éste emítase en data 27/12/2019, obrando incorporado ao presente expediente electrónico, procedendo a emisión de informe-proposta de modificación da RPT vixente suprimindo os 25 postos de traballo asociados ás prazas obxecto de transferencia á Xerencia Municipal de Urbanismo e creando 3 novos postos asociados a 3 prazas transferidas dende a Xererencia ao Concello de Vigo.

3.- Consta o acordo da representación sindical do persoal municipal ao proceso de transferencia de persoal para os Orzamentos Municipais 2020 adoptado en Mesa Xeral de Negociación, en sesións celebradas en datas 08/08/2019 e 06/09/2019, incorporadas ao expediente.

4.- No informe técnico incorporado ao expediente indícase literalmente que *“no borrador técnico de anteproxecto de Capítulo I de gastos para o vindeiro ano 2020 en materia de personal, no ámbito propio de planificación e organización de recursos humanos, nos termos das previsións contempladas na normativa vixente, así como das directrices proporcionadas pola Superior Dirección Orzamentaria e Contable do Concello de Vigo en data 24/06/2019, foron excluídas do Cadro de Persoal Municipal, as seguintes vintecinco prazas que pasan a formar parte do Cadro de Persoal do Organismo Autónomo Municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo”:*

- 4 Arquitectos/as,
- 4 Arquitectos/as-Técnicos/as/Aparellador/a,
- 1 Topógrafo/a,
- 1 Enxeñeiro/a Técnico Obras Públicas,
- 9 Delineantes,
- 3 Administrativos/as de Administración Xeral,
- 1 Alguacil,
- 1 Subalterno/a,
- 1 Axudante de Oficios en réxime laboral.

*Aprobado o Orzamento Xeral do Concello polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión de 23 de decembro actual, BOP de 27/12/2019, ditas prazas pasan a formar parte do Cadro de Persoal do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo con data 01/01/2020.*

*Así mesmo, regularizándose 3 prazas do Organismo Autónomo “Xerencia de Urbanismo” (2 Administrativos/as de Administración Xeral e 1 Enxeñeiro da Edificación do Cadro da Xerencia de Urbanismo) que se integran no Cadro de Persoal Municipal deste Concello.*

*A materialización efectiva da dita transferencia terá lugar coa entrada en vigor dos Orzamentos Municipais 2020 e, deberá levar aparellada a modificación puntual da RPT do Concello -unha vez vixentes os Orzamentos- para eliminar da RPT municipal os postos de*



## Concello de Vigo

traballo asociados ás prazas obxecto de transferencia, permitindo, coa dita eliminación, a autoxestión por parte do Organismo Autónomo dos efectivos aos seu cargo dende unha perspectiva integral.

En consecuencia, deberán causar baixa na Relación de Postos de Traballo vixente os 25 postos que se relacionan, afectando a data de hoxe aos/ás seguintes empregados/as municipais e, aos seguintes postos vacantes:

<b>Apelidos e nome</b>	<b>N.º pers.</b>	<b>Praza</b>	<b>Posto</b>	<b>Cód. Servizo</b>	<b>Tipo FC/LF</b>
Sobrino del Rio, M. <sup>a</sup> Luisa	24070	Arquitecta	Xefa Servizo Area Técnica	400	FC
Núñez Fernández, Rosa	20528	Administrativa	Administrativo/a	400	FC
Bahillo Elespp, Igor	82153	Axudante oficinas	Ayudante oficinas	400	Lab.-fixo
Martínez Pereira, Juan José	15757	Alguacil	Alguacil-notificador	400	FC
Aperador Prieto, Antonio	14611	Delineante	Delineante	401	FC
Sieiro Cerdeira, César	22527	Delineante	Delineante	401	FC
Villanueva Gomez, M. <sup>a</sup> Rosa	22510	Delineante	Delineante	401	FC
Cameselle Sola, M. <sup>a</sup> Concepción	23870	Arquitecta	Xefe/a Barrios Históricos	406	FC
Alonso Fernández, Antonio	22183	Arquitecto	Xefe Servizo Planeamento	410	FC
Sala Rios, M. <sup>a</sup> Berta	21367	Arquitecta	Xefe/a ITE e Conservación	421	FC
Alvarez Domínguez, M. <sup>a</sup> Inés	76410	Aparellador/a	Arq.tec./Aparellador/a	421	FC
García González, M. <sup>a</sup> Teresa	24093	Aparellador/a	Arq.tec./Aparellador/a	421	FC
López González, Raquel	76489	Aparellador/a	Arq.tec./Aparellador/a	421	FC
Alemparte Gonzalvo, Antonio	18655	Delineante	Delineante	421	FC
Otero Fernández, José Ramón	76087	Delineante	Delineante	421	FC
Romero-Gil Delgado, M. <sup>a</sup> Victoria	76081	Delineante	Delineante	421	FC

<i>Iglesias García, Encarnación</i>	21901	<i>Administrativa</i>	<i>Administrativa</i>	421	FC
<i>Arango Fernández, José María</i>	23277	<i>Subalterno</i>	<i>Ordenanza-Porteiro</i>	201	Lab.-fixo
VACANTE		<i>Topógrafo/a</i>	<i>Xefe/a Cartografía e Delineación</i>	402	VAC
VACANTE		<i>Aparellador/a</i>	<i>Arq.tec./Aparellador/a</i>	406	VAC
VACANTE		<i>Enx-tec O.P.</i>	<i>Técnico Medio Obras Públicas</i>	440	VAC
VACANTE		<i>Delineante</i>	<i>Xefe Ofic.Información.Xerencia</i>	424	VAC
VACANTE		<i>Administrativo</i>	<i>Xefe ofic.Secretaría Xeral Xerencia</i>	401	VAC
VACANTE		<i>Delineante</i>	<i>Xefe/a Grupo ITE</i>	421	VAC
VACANTE		<i>Delineante</i>	<i>Delineante</i>	421	VAC

*Polo contrario, pasarán a formar parte do Cadro de Persoal deste Concello as seguintes tres prazas e conseguíntes postos de traballo que figuran a data de hoxe no Organismo Autónomo "Xerencia Municipal de Urbanismo":*

<b>Apelidos e nome</b>	<b>N.º pers.</b>	<b>Praza</b>	<b>Posto</b>	<b>Cód. Servizo</b>	<b>Tipo FC/LF</b>
<i>Bilbao Echegaray, María Inmaculada</i>	21746	<i>Administrativo/a</i>	<i>Administrativa</i>	240	FC
VACANTE		<i>Administrativo/a</i>	<i>Administrativo/a</i>	200	VAC
VACANTE		<i>Enxeñeiro.Edificación</i>	<i>Enxeñeiro Edificación</i>	440	VAC

## **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

### **I.- Cuestión previa.-**

Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica a



## Concello de Vigo

*sensu contrario.*

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

### **II.- As relacións de postos de traballo.-**

O art. 6.1 da Carta Europea de Autonomía Local sinala a necesidade da adecuación das estruturas e dos medios administrativos ós cometidos das entidades locais ó dicir que *“sen prexuízo das disposicións xerais creadas pola Lei, as entidades locais deben poder definir por sí mesmas as estruturas administrativas internas coas que pretenda dotarse, co obxecto de adaptalas ás súas necesidades específicas e ao fin de permitir unha xestión eficaz”*.

De conformidade co art. 90.2 da Lei 7/1985, d3 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), *“as Corporacións Locais formarán a relación de todos os posto de traballo existentes na súa organización, nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública”*.

Segundo o art. 74 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), *“as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, cando menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos e escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditosa instrumentos serán públicos”*.

Pola súa parte, o art. 202.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (LEPG), dispón que *“as entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nas mesmas”*.

### **III.- Procedemento.-**

Dispón o art. 202.2 da LEPG que ***“previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se achegaron reclamacións, suxestión ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións achegadas”***.

### **IV.- Preceptividade da negociación colectiva.-**

De conformidade co art. 37 do TREBEP, o documento da RPT e as súas modificacións deben ser obxecto de negociación. Así o art. 37.1.c) inclúe entre as materias obxecto de

negociación “as normas que fixen os criterios xerais en materia de acceso, carreira, provisión, sistemas de clasificación de postos de traballo e plans e instrumentos de planificación de recursos humanos”. Pola súa parte, o apartado 2.c) deste precepto incide na necesidade de sometemento a negociación colectiva das decisións das Administracións Públicas que afecten ás potestades de organización cando as consecuencias delas teñan repercusión sobre condicións de traballo dos funcionarios públicos.

#### **V.- Motivación técnica e legal da modificación proposta.-**

A presente proposta vén sustentada por dous esenciais aspectos:

- motivación técnica: a este respecto, efectúase unha remisión expresa ao contido do informe técnico de data 27/12/2019 incorporado ao expediente, así como ao expediente electrónico nº 33.833/220, correspondente ao Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais para o ano 2020, no cal consta documentado o proceso de transferencia das prazas asociadas aos postos de traballo cuxa amortización no Concello se propón.
- motivación legal: o artigo 74 do RD Lexislativo 5/2015, do 1 de outubro, do TREBEP, establece que *“las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos.”*

De conformidade coa Disposición derogatoria única, apartado b) do citado Estatuto Básico do Empregado Público, permanece vixente o artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que define á Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal dacordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. O devandito instrumento é consecuencia directa da potestade de autoorganización das entidades locais consignada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de agosto, Reguladora das Bases do Réxime Local, trasposta ao ámbito dos recursos humanos dos que dispoñen as Administracións Locais para o desenvolvemento das súas funcións, e concretado na posibilidade de configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos.

Así mesmo, tras a modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, nos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación a competencia para a aprobación das RPTs ou instrumento equivalente reside na Xunta de Goberno Local -xuntamente coas retribucións do persoal municipal- sempre de conformidade co presuposto aprobado polo Pleno e obviamente respectando a competencia que para a aprobación do cadro de persoal ou plantilla recolle o artigo 123.1.h) da referida Lei 7/1985, vinculada á aprobación dos orzamentos municipais para cada exercicio económico.

A competencia residual en materia de persoal residenciada na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) in fine -sempre sen vulneración das referidas competencias plenas, así



## Concello de Vigo

como da competencia en materia da superior dirección do persoal municipal que a Alcaldía-Presidencia ostenta consonte ao artigo 124.4.i) e as que poida ostentar por delegación a Concelleira-delegada de Organización municipal en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal- implica que a Administración Local pode proceder á regulación dos seguintes aspectos:

- Concreción dos postos que resultan necesarios en cada servizo e determinación das funcións inherentes ao mesmo a través das titulacións esixidas para o seu desempeño.
- Fixación da forma de provisión de postos de traballo, dentro da marxe de discrecionalidade permitido pola lei.
- Asignación de funcións en exclusiva de determinados postos, xunto coa determinación do sistema de retribucións consonte ao disposto na normativa vixente.

Como sinala a doutrina especializada (v. CORRAL VILLALBA, J. en “Manual de Gestión do Persoal da Administración Local”, Ed. Thomson Civitas; PÉREZ LUQUE, A. en “La provisión y pérdida de puestos de trabajo de las Corporaciones Locales”, Ed. El Consultor) a Administración goza de iniciativa propia para modificar en calquera momento a RPT, como ocorre con calquera outro instrumento de ordenación de carácter xeral emanada da Corporación (neste caso, da Xunta de Goberno Local, órgano competente para a súa aprobación); en concreto, son frecuentes as modificacións puntuais tales como creación e supresión de postos de traballo, cambio de nivel de complemento de destino ou de complemento específico, novas atribucións ou novos requisitos para a provisión dos mesmos.

### **VI.- Sometemento á preceptiva fiscalización previa do expediente.-**

Será preceptiva a fiscalización previa de gasto conforme ó establecido no RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (art. 214) dado que a pesares da ausencia de contido económico da presente proposta, a mesma propón a reasignación de estruturas a áreas de gasto diferentes, que deberán ser tidas en conta a efectos da xestión económica e orzamentaria.

### **VII.- Competencia.-**

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelle ó municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación.

O órgano competente para a aprobación da RPT e, polo tanto, das súas modificacións, é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1., apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

### **VII.- Procedemento e informes preceptivos.-**

Segundo se recolle no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (artigo 3.3, punto 6º, número 4) e polo que respecta ao exercicio da función reservada de asesoramento legal preceptivo, que:

*“d) En todo caso se emitirá informe previo en los siguientes supuestos:*

- **6.º Aprobación y modificación de relaciones de puestos de trabajo y catálogos de personal.**

**4.** La emisión del informe del Secretario podrá consistir en una nota de conformidad en relación con los informes que hayan sido emitidos por los servicios del propio Ayuntamiento y que figuren como informes jurídicos en el expediente.”

Por tanto, e a salvo de mellor criterio fundado en Dereito, estímase preceptivo o informe xurídico/conformidade da Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal segundo o contemplado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, para os concellos con réxime de gran poboación.

Visto o anteriormente exposto, no exercicio das competencias que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta por delegación efectuada en Decreto da Excm. Alcaldía de datas 18/06/2019 e 20/06/2019, así como aquelas que en materia de xestión de persoal ostenta por delegación da Xunta de Goberno Local segundo acordos da mesmas datas, sométese á consideración da mesma a seguinte

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

**“PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación puntual da vixente Relación de Postos de traballo do Concello de Vigo en execución das previsións relativas á transferencia de persoal ao organismo autónomo municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo” contempladas nos Orzamentos Municipais 2020, aprobados definitivamente por acordo plenario en sesión de data 23/12/2019; modificación que se concreta nas actuacións seguintes:

-Amortización na RPT do Concello de Vigo dos 25 postos de traballo contidos no cadro 1 adxunto, asociados ás prazas obxecto de transferencia á Xerencia Municipal de Urbanismo, segundo informe técnico de data 27/12/2019:

#### **CADRO 1.- POSTOS DE TRABALLO A AMORTIZAR NA RPT DO CONCELLO DE VIGO**

	<b>N.º pers.</b>	<b>Praza</b>	<b>Posto</b>	<b>Cód. Servizo</b>	<b>Tipo FC/LF</b>
	24070	Arquitecta	Xefa Servizo Area Técnica	400	FC
	20528	Administrativa	Administrativo/a	400	FC
	82153	Axudante oficios	Ayudante oficios	400	Lab.-fixo
	15757	Alguacil	Alguacil-notificador	400	FC
	14611	Delineante	Delineante	401	FC
	22527	Delineante	Delineante	401	FC
	22510	Delineante	Delineante	401	FC
	23870	Arquitecta	Xefe/a Barrios Históricos	406	FC
	22183	Arquitecto	Xefe Servizo Planeamento	410	FC
	21367	Arquitecta	Xefe/a ITE e Conservación	421	FC





## Concello de Vigo

	N.º pers.	Praza	Posto	Cód. Servizo	Tipo FC/LF
	76410	Aparellador/a	Arq.tec./Aparellador/a	421	FC
	24093	Aparellador/a	Arq.tec./Aparellador/a	421	FC
	76489	Aparellador/a	Arq.tec./Aparellador/a	421	FC
	18655	Delineante	Delineante	421	FC
	76087	Delineante	Delineante	421	FC
	76081	Delineante	Delineante	421	FC
	21901	Administrativa	Administrativa	421	FC
		Subalterno	Ordenanza-Porteiro	201	Lab.-fixo
VACANTE		Topógrafo/a	Xefe/a Cartografía e Delineación	402	VAC
VACANTE		Aparellador/a	Arq.tec./Aparellador/a	406	VAC
VACANTE		Enx-tec O.P.	Técnico Medio Obras Públicas	440	VAC
VACANTE		Delineante	Xefe Ofic.Información.Xerencia	424	VAC
VACANTE		Administrativo	Xefe ofic.Secretaría Xeral Xerencia	401	VAC
VACANTE		Delineante	Xefe/a Grupo ITE	421	VAC
VACANTE		Delineante	Delineante	421	VAC

-Creación de 3 postos de traballo asociados a 3 prazas transferidas da Xerencia Municipal de Urbanismo ao Concello de Vigo, contidas no cadro 2 adxunto, e concretadas en:

### CADRO 2.- POSTOS DE TRABALLO A CREAR NA RPT DO CONCELLO DE VIGO

	N.º pers.	Praza	Posto	Cód. Servizo	Tipo FC/LF
	21746	Administrativo/a	Administrativa	240	FC
VACANTE		Administrativo/a	Administrativo/a	200	VAC
VACANTE		Enxeñeiro Edificación	Enxeñeiro Edificación	440	VAC

**SEGUNDO.-** Dispoñer como a data de efectos económicos e administrativos das modificacións contidas na presente proposta, a data de aprobación e entrada en vigor dos orzamentos municipais correspondentes ao ano 2020.

**TERCEIRO.-** Someter, en cumprimento do disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, o presente expediente a información pública por un prazo de 20 días a efectos de presentación de reclamacións, suxestión ou alegacións, contados dende o día seguinte a data de publicación do correspondente anuncio no BOP, transcorrido o cal a aprobación se elevará a definitiva de non achegarse reclamacións, ordenando a conseguinte publicación no BOP.”

Contra o acordo de aprobación definitiva da modificación puntual da RPT, que pon fin a vía administrativa, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC), poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(43).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE SEGURIDADE DURANTE O ANO 2019. EXPTE. 113241/210.**

Dáse conta do informe-proposta de data 20/10/2020, asinado polo xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e a concelleira-delegada de Seguridade, que di o seguinte:

Cumprindo as instrucións da base 31<sup>a</sup> das de execución do orzamento en vigor, remítese para dar conta á Xunta de Goberno Local, relación de expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Seguridade durante o ano 2019 e que son os seguintes:

Nº EXPTE	DATA DECRETO	PARTIDA	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	RCM	IMPORTE
108644/210	15-01-19	13302269900	SERVIZOS	Gastos por solicitude de informes ao rexistro mercantil e de bens mobles		5416	120,00 €
108673/210	15-01-2019	13302310000 13302300000	LOCOMOCION E DIETAS	Autorización gastos do Concelleiro-Delegado de Seguridade		5601 5602	2000 € 800 €



## Concello de Vigo

Nº EXPTE	DATA DECRETO	PARTIDA	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	RCM	IMPORTE
109323/210	15-03-19	13302270605	SERVIZOS	Valoración de vehículos para chatarra que están no depósito municipal	PERISOBER SL	19508	4.500,00 €
110196/210	10/05/2019	13302269900	SERVIZOS	Gastos pedaliña 2019	BICICLEANDO S.COOP	35017	15.391,20 €
112093/210	16/10/2019	13302200100	SUBMINISTRO	Adquisición de libros		71466	300,00 €
112115/210	23/10/2019	13302100001	OBRAS	Execución de pasos de peóns sobreelevados e lomos de asno	CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS S.A	73429	18.718,70 €
112122/210	21/10/2019	13302219900	SERVIZOS	Adquisición e instalación de vinilos decorativos nos armarios da rede semafórica	EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL S.A	72233	10.241,94 €
112730/210	5/12/2019	13302100000	SUBMINISTRO	Subministro de sinais para a substitución de sinais deterioradas	API MOVILIDAD S.A	87583	18.105,59 €

### **Acordo**

A Xunta de Goberno queda informada.

### **16(44).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN MARCO PARA FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO 2020. EXPTE. 2657/341.**

Visto o informe xurídico do 30/12/19 e o informe de fiscalización do 14/01/2020, dáse conta do informe-proposta do 20/12/19, asinado polo xefe do servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 13 de decembro de 2019 a Fundación Marco presenta a través da Sede Electrónica do Concello de Vigo a solicitude, subscrita polo seu director, de transferencia de financiamento para 2020, por importe de 605.000 € e que se aprobe o calendario de pagamentos e achegan a documentación correspondente.

Con data 17 de decembro o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá resolve que polo Servizo de Museos Municipais se inicie o expediente de transferencia de financiamento á FUNDACIÓN MARCO para funcionamento durante o período 2020, por importe de **605.000,00 €** e con cargo á partida 3330.489.00.03 "Fundación Marco", incluída no presuposto de 2020 do Concello de Vigo, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal de data 15 de novembro de 2019 e, por tanto, condicionada á aprobación definitiva e vixencia do presuposto municipal para exercicio económico do ano 2020.

### **ANTECEDENTES.-**

No actual exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo) xestionouse a través dunha transferencia de fi-

nanciamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2019 por importe de 605.000 €, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 21 de febreiro de 2019 (expediente 2340-341). Esta fórmula de financiamento substituíu á de subvención nominativa, que viña aplicándose ata o exercicio económico 2015, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor Xeral, de datas 18 de marzo de 2016, 20 de xaneiro de 2017 e sucesivos.

Dos anteriores informes do Servizo de Fiscalización, fundamentados con amplitude en moi diversas normas legais de aplicación, extráense as seguintes referencias que serían aplicables ao exercicio económico de 2019:

- O obxecto do expediente correspóndese con materia de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2 m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2.n), actividades culturais, da Lei 5/1997, da administración local de Galicia.
- A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.
- Forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria as fundacións do sector Público estatal, definidas na Lei de Fundacións.
- Os axentes da Lei Xeral de Subvencións son os previstos para o ámbito estatal na Lei Xeral Orzamentaria, que deben servir de referencia respecto ao ámbito local.
- A Fundación Marco é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.
- A Fundación Marco reúne as circunstancias necesaria para ser considerada fundación do sector público, xa que en 2020 ten previsto financiarse nun 74,35% % polo Concello de Vigo (a través dunha transferencia de financiamento e dunha Subvención Finalista), pola Xunta de Galicia nun 11,35% e polo Ministerio de Cultura nun 3,97% (patrocinios, ingresos propios e outros: 10,34%); ademais que o Concello e as outras administracións posúen a práctica totalidade dos membros dos seus órganos de goberno e representación.

As conclusións principais sobre os informes da Intervención Xeral de 2016, 2017, 2018 e 2019 tamén aplicables a 2020, son:

- A achega que realiza o Concello de Vigo á Fundación Marco é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos.
- A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal (excluída totalmente do réxime subvencional) e actividade da Fundación Marco debe realizarse pola Intervención Xeral.
- Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello, de acordo doa Lei 19/2013.

O Secretario da Administración municipal, no seu informe do 29 de febreiro de 2016, sobre a transferencia de financiamento á Fundación Marco daquel exercicio, realiza a seguinte formulación que se considera extrapolable a outros casos de financiamento incluídos no programa presupostario 3330 (Fundación Liste e Fundación Laxeiro): “podería adecuarse en futuros orzamentos a súa consideración como transferencia de financiamento e completarse nas correspondentes bases de execución deses orzamentos coa normativa á que deberá



## Concello de Vigo

suxeitarse a citada transferencia, con indicación de periodicidade das achegas, e especial consideración á necesidade de ser fiscalizada previamente ao ser outorgadas e a de ser sometidas a control posterior pola Intervención Xeral”.

Con data 28 de novembro de 2016, 15 de xaneiro de 2018 e 16 de xaneiro de 2019 o concelleiro-delegado da Área consulta ao Interventor Xeral do Concello, en relación ás transferencias de financiamento da Fundación MARCO, Fundación Laxeiro e Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo (doc 190007151), sobre “se a tramitación e/ou resultados do control financeiro ou auditoría estipulados, que se realizarán por parte dese Intervención Xeral, condicionan o inicio da tramitación e/ou a aprobación do expediente de nova transferencia (...), ou ben debemos esperar a que nos comuniquedes os seus resultados”.

Con data 17 de xaneiro de 2019 o Interventor Xeral informa ao concelleiro-delegado da Área de Cultura (respecto á transferencia de financiamento do exercicio económico dese ano) o seguinte, no mesmo sentido que o fixera para os exercicios anteriores: *“En contestación a súa consulta sobre as transferencias de financiamento a favor da Fundación Marco, Fundación Laxeiro e Fundación Liste, comunícolle que estas poden ser tramitadas e levadas a proposta de aprobación da Xunta de Goberno Local, independentemente e non condicionada polo posible resultado do control financeiro ou auditoría que realizará esta Intervención Xeral, polo que procede a súa tramitación, de ser o caso.”*

Con data 17 de decembro de 2019 o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, remitiu escrito ao Interventor realizando a mesma consulta, si ben non hai constancia de cambios na situación.

As bases de execución do presuposto do exercicio de 2019 non establecen ningunha normativa á que debera suxeitarse as transferencias de financiamento, si ben corresponde á Intervención Xeral a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior. Nos exercicios anteriores o Servizo de Museos só establecía a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que coincidía coa solicitada pola Fundación Marco;

Con data 21 de xuño de 2019 o Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario xunto co Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda subscriben a instrución sobre “Cumprimento dos prazos de pagamento”, expediente 104/143 que afecta ao MARCO, como fundación que forma parte do perímetro de consolidación do Grupo do Concello de Vigo, da que resulta:

- As entregas a conta faranse a principio de cada trimestre e a achega dos xustificantes pola Fundación MARCO achegarase con carácter previo aos seguintes anticipos, debendo facerse o correspondente ao 4º trimestre dentro do ano natural.
- O acordo de financiamento para o ano (n) deberá estar aprobado antes do remate do ano (n-1), e as entregas a conta, faranse dentro dos 10 primeiros días do trimestre; polo que compre:
  - adaptar os prazos de pagamento da futura transferencia de financiamento, ao calendario indicado na instrución,
  - ter recibido no Concello de Vigo a información relativa aos períodos medios de pagamento mensual en relación coa débeda comercial e os xustificantes correspondentes, con carácter previo ao anticipo;
  - que a solicitude da Fundación MARCO, sobre transferencia de financiamento do programa e presuposto de 2020, debera terse presentarse nos primeiros días do mes

de decembro do ano en curso (co presuposto e programa aprobado polo Padroado); xa que, como indica a instrución, o acordo de financiamento debera estar aprobado antes do remate do ano a financiar e a primeira entrega a conta faranse dentro dos 10 primeiros días do trimestre (antes do 10 de xaneiro de 2020);

Con data 24 de xuño de 2019 foi comunicada ao MARCO a citada instrución e reiterada con data 11 de novembro.

Por tanto, compre adaptar o calendario de pagamentos solicitado pola Fundación Marco ao establecido na instrución (entregas a conta ao principio de cada trimestre e achega previa de xustificantes).

#### **FUNDACIÓN MARCO.-**

O Pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002, por unanimidade, acordou a súa participación na Fundación Marco, como entidade fundadora e aprobar os Estatutos da Fundación. Con data 22 de outubro de 2002, constitúese a Fundación Marco, CIF G36909885, na Casa do Concello de Vigo, en escritura pública diante do notario Mariano Vaqueiro Rumbao, protocolo num 2.100. Nos estatutos aprobados polo Pleno do Concello e na acta de constitución da Fundación Marco figuran como entidades fundadoras o Concello de Vigo, Caixanova, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra.

A Fundación Marco está dedicada á realización de actividades culturais de investigación, educación, formación, conservación, exhibición e difusión da arte e da cultura contemporáneas, con particular atención á produción artística da Comunidade Galega, así como a estatal e internacional, mediante a adquisición, a conservación, o estudo, a exposición e interpretación educativa de obras de arte contemporánea, ao tempo que deberá impulsar a estimulación da sensibilidade da sociedade cara á cultura actual.

Con data 5 de xaneiro de 2006 protocolízase en escritura notarial (Núm. 19; Notario: Mariano Vaqueiro Rumbao) a incorporación ao Padroado da Fundación Marco "*Un vocal (1) designado polo Ministerio de Cultura da Administración Xeral do Estado en atención ao seu compromiso estable coa Fundación e en función da súa achega.*"; derivado do acordo do Padroado de data 20 de decembro de 2005.

A Deputación provincial de Pontevedra, entidade cofundadora da Fundación Marco, con data 21 de decembro de 2011 dera por concluídos os compromisos adquiridos con diversas Fundacións e Organismos, entre os que se incluía a Fundación Marco, deixando de pertencer como membro dos mesmos e de participar no seu financiamento cunha achega fixa anual, todo iso, sen prexuízo de que puidera colaborar con eles mediante achegas puntuais, segundo o permitan as necesidades económicas.

Novacaixagalicia (antes Caixanova, entidade cofundadora da Fundación Marco) comunicou á Fundación Marco, en escrito do 31 de xaneiro de 2012 a súa

renuncia á posibilidade de seguir colaborando coa Fundación e rescindindo o compromiso asumido, eximindo "á Caixa" da necesidade de realizar unha achega económica correspondente á súa cota patronal.



## Concello de Vigo

O Padroado da Fundación Marco na sesión 25 de outubro de 2018 acordou aprobar os Estatutos Consolidados da Fundación e prodúcese a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego por resolución do 11 de marzo de 2019.

### Declaracións de interese cultural e interese galego.

A Fundación Marco, foi clasificada de interese cultural, por Orde de 13 de decembro de 2002, da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública (DOG núm 2, do 3 de xaneiro de 2003); e foi declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de Fundacións por Orde de 15 de xaneiro de 2003 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (DOG núm 24, do 4 de febreiro de 2003).

### Composición actual do Padroado da Fundación Marco.-

Presidente.- Abel Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo.

Vicepresidente.- Abel Losada Álvarez, concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Vogais.- Jaime Aneiros Pereira, M<sup>a</sup> Carmen Lago Barreiro, M<sup>a</sup> José Caride Estévez, Teresa Egerique Mosquera, Oriana Méndez Fuentes, Cayetano Rodríguez Escudero, Nuria Rodríguez Rodríguez (Concello de Vigo), Anxo Manuel Lorenzo Suárez (Xunta de Galicia) e Begoña Torres González (Ministerio de Cultura).

Vogal de honra.- Carlota Álvarez Basso.

Secretario.- José Riesgo Boluda.

Os representantes do Concello de Vigo foron designados por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de setembro de 2019 e como consecuencia da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 26 de maio de 2019.

### **SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO.-**

A Fundación Marco ten achegado a seguinte documentación para a transferencia de financiamento para funcionamento do exercicio 2020 do Museo de Arte Contemporánea de Vigo:

- Solicitud de transferencia de financiamento do Concello de Vigo por importe de 605.000,00 € presentada no Rexistro Xeral do 13 de decembro de 2019 xunto coa seguinte documentación:
  - Orzamento de ingresos e gastos do exercicio 2020, co detalle dos gastos dos principais proxectos e partidas.
  - Programación completa de exposicións para o exercicio 2020.
  - Copia da presentación electrónica do 11 de decembro de 2019 á Consellería de Cultura e Turismo da programación e presuposto para 2020.

Certificacións e declaracións.- No expediente inclúense copias vixentes das seguintes:

- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
- Certificación da Axencia Tributaria de Galicia-Consellería de Facenda de non ter débedas pendentes en período executivo non aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.

- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social.
- Certificación do Concello de Vigo de non ter débedas ou sanción de natureza tributaria co Concello na vía de constrinximento.

### **ORZAMENTO 2020 DA FUNDACIÓN MARCO.-**

Na documentación achegada pola Fundación Marco inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2020, que ascende a un total de 881.047,00 €. As achegas das entidades fundadoras e integradas no Padroado para o ano 2020 que detallan son as seguintes:

➤ Concello de Vigo	605.000,00 € (68,67%);
➤ Concello de Vigo Subvención finalista	50.000,00 € (5,68 %)
➤ Xunta de Galicia	100.000,00 € (11,35%);
➤ Ministerio de Cultura	35.000,00 € (3,97%);
➤ Ingresos Patrocinios	10.000,00€ (1,14%);
➤ Ingresos actividades propias (cursos, alugueres, catálogos,...)	66.047,00 € (7,5%);
➤ Amigos MARCO	15.000,00 € (1,70%).

A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:

1. Persoal:	295.045,00 € (33,49%);
2. Arranxo patios A2-A3	50.000,00 € (5,68%)
3. Gastos xerais (e extraordinarios):	297.139,00 € (33,73);
4. Exposicións e actividades :	204.123,00€ (23,17%);
5. Gastos financeiros:	1.000,00 € (0,11%);
6. Outros (Amortizacións, deprec cat):	33.740,00 € (3,83%).

A comparación entre a previsión de presuposto de orzamento de 2020 e a estimación do orzamento de 2019 presenta as seguintes variacións:

<b>INGRESOS</b>	<b>ORZAMENTO 2020</b>	<b>ORZAMENTO 2019</b>
<b>Achegas institucións:</b>		
Concello de Vigo	605.000	605.000
Xunta de Galicia	100.000	100.000
Ministerio de Cultura	35.000	35.000
	<b>740.000</b>	<b>740.000</b>
<b>Outros ingresos:</b>		
Ingresos Patrocinios	10.000	10.000
Ingresos actividades propias	60.047	46.908
Subvención Finalista Concello	50.000	0





## Concello de Vigo

Amigos MARCO	15.000	13.212
Catálogos	6.000	4.756
	<b>141.047</b>	<b>74.876</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>881.047</b>	<b>814.876</b>

<b>GASTOS</b>	<b>2020</b>	<b>2019</b>
Personal	295.045	274.069
Arranxo patios A2-A3	50.000	-
Gastos Xerais+Extraordinarios	297.139	344.205
Exposicións	164.117	164.680
Actividades	40.006	30.275
Gastos financeiros	1.000	956
Amortizacións e deprec. cat.	33.740	23.533

<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>881.047</b>	<b>837.718</b>
---------------------	----------------	----------------

### VARIACIÓN PORCENTAJES 2020-2019.-

Considerando as porcentaxes de participación das entidades e tipos de achegas, entre a previsión do orzamento total de 2020 e a estimación do orzamento total de 2019 (tomando os datos facilitados polo MARCO), presenta as seguintes variacións:

### INGRESOS.-

	<u>2019</u>	<u>2020</u>	<u>Dif. 2020-2019</u>
➤ Concello de Vigo	74,23%	68,67%	-5,56
➤ Concello de Vigo Subv. Finalista	-	5,68%	+5,68
➤ Xunta de Galicia	12,27%	11,35%	-0,92
➤ Ministerio de Cultura	4,29%	3,97%	-0,32
➤ Ingresos patrocinios	1,23%	1,14%	-0,09
➤ Ingresos activs. Propias	6,13%	7,50%	+1,37
➤ Amigos MARCO	1,84%	1,70%	-0,14

### GASTOS.-

A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:

	<u>2019</u>	<u>2020</u>	<u>Dif. 2020-</u>
<u>2019</u>			
1. Personal:	37,53%	33,49%	-4,04
2. Arranxo patios A2-A3	-	5,68%	+5,68
3. Gastos xerais:	36,75%	33,73%	-3,02
4. Actividades (expos., activ., etc.):	22,90%	23,17%	+0,27

5.	Gastos financeiros:	0,12%	0,11%	-0,01
6.	Amortizacións:	2,17%	3,83%	+1,66

## **XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN MARCO**

Ata 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á Fundación Marco víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, establecéndose no propio acordo de concesión a regulación das condicións e obrigas (ao igual que no caso da Fundación Laxeiro; con convenio regulador no caso da Fundación Liste). Nesta situación, de tramitación das achegas municipais como subvencións nominativas, a concellería-delegada da Área de Cultura dispoñía da información detallada sobre o funcionamento e actividade destes centros, a través da documentación xustificativa que se presentaban.

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 26 de xuño de 2019, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, entre outras, a seguinte: “e) *en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados.*”

Coas conformidades do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, tralo Informe Xurídico e o da Intervención Municipal, faise a seguinte

### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

#### **PRIMEIRO.-**

1.- *Transferir á Fundación Marco, CIF: G36909885, un importe de 605.000,00 € (seiscientos cinco mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2020, de acordo co seguinte calendario, derivado da instrución do 21 de xuño de 2019 (expediente 104/143) do Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario xunto co Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda sobre “Cumprimento dos prazos de pagamento”, que afecta ao MARCO, como fundación que forma parte do perímetro de consolidación do Grupo do Concello de Vigo:*

- ◆ *Unha primeira entrega a conta antes do 10 de xaneiro de 2020 e tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 151.250,00 € (25% do importe concedido).*
- ◆ *Unha segunda entrega a conta antes do 10 de abril de 2020, por importe de 151.250,00 € (25% do importe concedido).*
- ◆ *Unha terceira achega, antes do 10 de xullo de 2020, por importe de 151.250,00 € (25% do importe concedido).*
- ◆ *Unha cuarta achega, antes do 10 de outubro de 2020, por importe de 151.250,00 € (25% do importe concedido).*



## Concello de Vigo

*As entregas a conta faranse a principio de cada trimestre e a achega dos xustificantes pola Fundación MARCO realizarase con carácter previo aos anticipos e, en xeral, adaptaranse á citada instrución do 21 de xuño de 2019 (expediente 104/143).*

2.- A transferencia de financiamento poderá financiarse con cargo á partida 3330.489.00.03 "Fundación Marco", incluída no presuposto de 2020 do Concello de Vigo, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal de data 15 de novembro de 2019 e, por tanto, a súa efectividade está condicionada á aprobación definitiva e á vixencia do presuposto municipal para exercicio económico do ano 2020

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente cos seus servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.

### **SEGUNDO.-**

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 26 de xuño de 2019, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, entre outras, a seguinte: "e) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados."

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Marco, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos da Fundación Marco:

### **PRIMEIRA.-**

O pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002 acordara participar na Fundación Marco como entidade fundadora e achegarlle determinadas contías para financiamento de gastos derivados do seu funcionamento.

### **SEGUNDA.-**

Na documentación achegada pola Fundación Marco inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2020, que ascende a un total de 881.047,00 €. A previsión de ingresos quedará do seguinte xeito:

➤ Concello de Vigo	605.000,00 € (68,67%);
➤ Concello de Vigo Subvención finalista	50.000,00 € (5,68 %)
➤ Xunta de Galicia	100.000,00 € (11,35%);
➤ Ministerio de Cultura	35.000,00 € (3,97%);
➤ Ingresos Patrocinios	10.000,00€ (1,14%);
➤ Ingresos actividades propias (cursos, alugueres, catálogos,...)	66.047,00 € (7,5%);
➤ Amigos MARCO	15.000,00 € (1,70%).
➤ A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:	
➤ Persoal:	295.045,00 € (33,49%);
➤ Arranxo patios A2-A3	50.000,00 € (5,68%)

- Gastos xerais (e extraordinarios): 297.139,00 € (33,73%);
- Actividades (expos., didac., etc.): 204.123,00€ (23,17%);
- Gastos financeiros: 1.000,00 € (0,11%);
- Outros (Amortizacións, deprec cat): 33.740,00 € (3,83%).

#### TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN MARCO.-

1. Cumprir e organizar o programa aprobado polo seu Padroado, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento, diferentes á transferencia de financiamento ou partidas que consten nos presuposto municipais a favor do MARCO e que aprobe a Xunta de Goberno Local ou órgano de goberno competente.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola Fundación Marco, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa ao financiamento municipal.
4. Colaborar co Concello de Vigo, coa participación da Fundación Marco, na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións dos programas aprobados ou en fase de realización, en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento.

#### CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da Fundación Marco e colaborar na súa viabilidade.
2. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento; de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

#### QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da colaboración coa Fundación Marco é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a Fundación Marco informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto de actividades.

#### SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A Fundación Marco adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada da Área de Cultura.

A Fundación Marco asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao Museo, como o das actividades programadas. O anagrama-lo-



## Concello de Vigo

gotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ao Marco (ou á Fundación), aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual financiado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

A Fundación Marco comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

### LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa financiado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, para que os elementos sexan financiábeis.

### SÉTIMA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN MARCO.-

A Fundación Marco achegará á concellería-delegada da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello, para o seu coñecemento, información e documentación sobre a súa actividade e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

### DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FUNDACIÓN MARCO AO CONCELLO.-

- a) Informes trimestrais sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da Fundación Marco; que se achegarán nos dez primeiros días naturais do trimestre seguinte ao do período do informe.
- b) Relación de ingresos e gastos do período trimestral correspondente, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da Fundación Marco, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- c) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse,

expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á Fundación Marco, o Museo achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.

- d) Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Marco.
- e) Documentación sobre os asuntos a tratar nas sesións do Padroado dirixida ao Concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá con antelación á súa realización.
- f) Gastos de persoal, xustificadas cos contratos de traballo (copias compulsadas e nas sucesivas memorias trimestrais, senón houbera cambios, unha declaración da dirección ou presidencia neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).
- g) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Marco de cada exercicio, nos dez primeiros días naturais despois do remate da anualidade, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
  - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
  - Memoria de prensa.
  - Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

A Fundación Marco deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

A Fundación Marco deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza.

#### OITAVA.-

Ao tratarse a Fundación Marco de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.



## Concello de Vigo

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último a Fundación ten a obriga da de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(45).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez